



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DIA 11 DE ABRIL DE 2016.

ASISTENTES:

Alcalde-presideante

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PRAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M^a CONSUEL VISPO SEARA (P P)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Ausentes:

D. SERAFINA VARELAS VIEIRA (D. O.)

Secretaria Accidental

D^a M^a Esther Castro Vázquez

Interventora de fondos

D^a. Eva García Fernández

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 19:30 horas do día 11 de abril 2016 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA

1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR (15/02/2016)

O sr. Alcalde toma a palabra: Boas tardes a todos e todas, especialmente ao público asistente, moitas grazas pola súa presenza, sinalar que hoxe falta a Concelleira Fina Varelas de Democracia Ourensana, parece ser que tivo unha pequena indisposición, que se mellore pronto.

O primeiro punto da orde do día e aprobación da acta anterior que é concretamente a de de febreiro de 2016, a do 15 de febreiri ¿algunha consideración sobre esta acta?, pois ¿votos a favor?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Aprobación da acta anterior (15/02/2016)”**.

2.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DE BARBADÁS DE CESIÓN DE USO DO EDIFICIO DO MUSEO DE INSTRUMENTOS MUSICAIS DE BARBADÁS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos polo tanto ao segundo punto da orde do día que é dación de conta da resolución do convenio de cooperación entre a Deputación de Ourense e o Concello de Barbadás de cesión de uso do Edificio do museo e instrumentos musicais de Barbadás, ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Firvida toma a palabra (BNG): Boas tardes Concelleiros e Concelleiras, boas tardes ao público asistente. O edificio do chamado Museo da música de Barbadás foi construído con fondos Europeos hai doce anos e nunca tivo un uso para o que foi proxectado, en moitos concellos da nosa provincia hai museos e exposicións permanentes, exposición permanente de inmigración de Carballiño, museo do cigarrón e do entroido en Verín, museo etnográfico da Limia en Vilar de Santos, museo de arte sacro en Monterrei, a Fundación Curros Enríquez en Celanova, o museo etnográfico en Vilamarín o Centro de interpretación Aquae querquennae vía nova e o museo e iconos en Bande e en Allariz por exemplo sete museos, Museo da moda, da arte sacra, do coiro, do xoguete galego iconográfico e fundación de Aser Seara, Muíño do Burato e a Fundación Vicente Risco, o Museo da Escola da Infancia de Trives, o etnolóxico de Ribadavia, o etnográfico de Castro Caldelas ou o Pazo Museo de Otero Pedraio en Amoeiro, e en Barbadás pois en Barbadás ningún, aínda non temos ningún museo. O feito de que durante doce anos o Partido Popular no Goberno de Barbadás nunca o puxese en marcha, pon ben ás claras a



incompetencia, a falta de ideas e a desidia coa que se gobernaba este Concello, tamén no aspecto cultural e turístico, e para máis vergoña no ano 2010 o grupo de goberno do Concello de Barbadás decide ceder o uso do edificio á Deputación de Ourense, recoñecendo a súa incapacidade para valorizalo. Polo tanto é hora de poñer fin a ignominia en que vivía este museo dende a súa construción, ademais estamos no risco constante de poder ser multados pola Unión Europea a través da súa fundación Olaf, que fai un seguimento dos investimentos con fondos Europeos e reclamando a devolución de tales fondos se a fin para que foi dado ese financiamento non se cumpre, como é o noso caso, o que suporía ter que devolver arredor dun millón de euros. Este goberno decide polo tanto, rescatar o uso e a xestión directa deste Museo non aberto, proceder á súa musealización, valorizalo e convertelo no primeiro punto de atención turística do Concello de Barbadás. Queremos que o museo da música sexa o motor de arranque da promoción turística de Barbadás e a partir del posicionar outros puntos de interese no noso Concello. O primeiro paso que tiñamos que dar era o rescate da xestión directa do museo para o que o deixamos en vixencia o convenio de cesión á Deputación de Ourense asinado polo Partido Popular no ano 2010 de mutuo acordo. Quero agradecer á señora Consuelo Vispo, Concelleira de Barbadás a súa colaboración na tramitación deste proceso o interese mostrado, e a posibilidade de contar cun acordo coa Deputación de Ourense que eu entendo beneficioso para Barbadás, este acordo recolle a realización de obras de mantemento e conservación por arredor de dez mil euros, que por outra banda era obriga da Deputación de Ourense recollido no convenio que vimos de deixar sen vixencia e a asunción do traballador que agora mesmo presta servizos nese edificio a cargo da Deputación, agardo que o esforzo que acomete o Concello de Barbadás na posta en marcha e próxima apertura do museo da música de Barbadás serva como base do fomento turístico do Concello, convertelo nun museo singular que nos identifique no panorama museístico da provincia do país galego, e que serva tamén como divulgador da cultura musical do patrimonio natural de Barbadás e da nosa lingua, queremos converter o museo da música non so nun espazo de observación e exposición nun contedor de instrumentos musicais, senón nun espazo vivo onde se desenvolvan actividades culturais relacionadas co patrimonio musical do noso Concello e tamén en obradoiros de instrumentos musicais.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra Consuelo Vispo, moi breve porque é unha dación de conta por favor.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas tardes a todos, ao grupo de goberno, aos grupos da oposición, e sobre todo as persoas que nos acompañan hoxe neste Pleno, dicirle ao señor Alcalde que fun bastante benévola que é unha dación de contas, e o que vostede a feito é un relatorio que non ven



nunha dación de contas, quero agradecerlle que haxa posto o meu nome como Deputada, na axuda a este convenio, creo que o Partido Popular en calquera cousa que se necesite, nos sumamos a este Concello, e é a o que estamos a defender os intereses dos cidadáns de Barbadás e agradecerlle que o haxa nomeado, creo que foi un acto bastante pola súa parte, e que realmente estamos para iso, e en calquera tema que nos necesite da Deputación, como moitas veces di o Padrón do Grupo Mixto que quere saber o que facemos na Deputación estamos para iso, e para mais temas que non se van a traer a este Pleno, e que máis adiante noutra moción, entrarei e direi o que podemos facer neste momento, grazas. Perdón esquecinme dunha cousa, non é que estea pechado o museo da música, vamos a ver aí hai unha persoa e esa persoa é a que ten instrumentos alí de museo, de gaitas de instrumentos, todos os sabemos, que esa persoa segue aí e está traballando nese museo no baixo, entón non é que este pechado, senón que realmente, a ver xa sei que pon vostede así unha cara señor Tenente Alcalde pero é así, esa persoa está aí e todos o sabemos entón e ten instrumentos e sieue desenrolando a súa actividade no seu momento, o sexa que non é tampouco a desidia que vostede dicía que tiña o Partido Popular, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Isto é unha dación de contas polo tanto non da lugar a debate, non corresponde Ramón, neste houbo unhas alegacións, moi breve, insisto é unha dación de contas, o regulamento e o ROF contempla dar conta, nada máis.

O sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto: Como vexo que se están intercambiando eloxios e están a facer política do tema pois eu tamén quero intervir, moi brevemente so quero dicir que haber si dunha vez por todas ese museo entra en funcionamento despois de tantos anos e que saiban que o 90% do Concello seguen sen coñecelo, entón vámonos a deixar de eloxios, que foi unha chapuza, está chovendo dentro, senón o saben, entón haber si por fin isto é unha realidade despois desta exposición

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas.

3.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA QUE A CASA DE CULTURA DE BARBADÁS PASE A NOMEARSE “ CASA DA CULTURA MANUEL MARIA”

O sr. Alcalde toma a palabra: O terceiro punto da orde do día e a proposta de Alcaldía para que a Casa de Cultura de Barbadás pase a nomearse “Casa de Cultura Manuel María”, ten a palabra a Concelleira de Cultura señora Anxela.

A sra. González toma a palabra (BNG): Boas tardes a todos e a todas na sesión do pasado 4 de xullo, o Plenario da Real Academia Galega por unanimidade acordou dedicar o Día das Letras



Galegas a Manuel María, escritor galego e a designación de Manuel María como autor homenaxeado nas Letras Galegas é un recoñecemento institucional a un home que adicou a súa vida a fortalecer a cultura do País a través da literatura e o seu compromiso fundamental coa lingua e a identidade de Galiza. A figura de Manuel María foi fundamental para a restauración da literatura galega nos anos de posguerra, sendo o primeiro autor que publicou un libro en galego despois da Guerra Civil “ O Muiñeiro das brétemas en 1950”. O seu corpus literario abrangue máis de cen obras de poesía, narrativa e teatro sendo a súa obra poética a máis recoñecida que foi premiada en diferentes ocasións pola súa creatividade e polo achegamento dos distintos sectores da poboación, tendo obras tanto para nenos como para mozos e mozas e para xente adulta. A raíz de isto foi chamado o Poeta do Pobo e foi un incansable defensor da cultura galega. A súa defensa traducíuse non só nos moitos libros publicados senón tamén na achega nos milleiros de artigos nos medios de comunicación, nas incontables charlas e conferencias ao longo de todo o País. Traduciuse tamén nunha disposición sempre aberta a colaborar con todas aquelas actividades socioculturais nas que podía achegar a súa loita pola defensa da palabra, do idioma, da cultura e da identidade do noso pobo. Este ano a Real Academia Galega dedícalle o día das Letras Galegas, apoiado por todos os partidos políticos e pola propia Xunta de Galiza. Homenaxéase ao autor e ao home e nós temos a oportunidade de non só dar a coñecer a súa obra, a súa poesía, senón tamén de renderlle unha pequena homenaxe e de sentir o privilexio de que a nosa Casa de Cultura leve o seu nome, xa que a casa da Cultura a día de hoxe pois non ten nome, coñecese popularmente como Casa da Cultura e nunca neste Pleno se propuxo ningún nome alternativo, é a primeira vez que se propón. Entón dende a Concellería de Cultura, si o Pleno así o acorda propoñemos solicitar o permiso pertinente a súa viúva, Saleta Goi, se ten a ben que se lle poña a Casa da Cultura, “Casa da Cultura Manuel María”, e en caso de que así sexa pois poñer unha placa na Casa da Cultura ao longo do mes de maio, que sería o mes das letras galegas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, perdón antes a todos por non saudalos, boas tardes o todos os presentes e a todas as presentes. Ante todo queremos mostrar o noso respecto e admiración por un dos nosos ilustres poetas e escritores na nosa lingua, dito isto pensamos que si o goberno consideraba nomear a Casa da Cultura como Manuel María ou con calquera outro nome doutra persoa representante da nosa cultura, debería ter informado e consensuado cos demais grupos municipais e colectivos culturais do Concello, senón corremos o risco que temas desta índole sexan vistos como propostas a voz de pronto e que xere un efecto contrario. Poñer nome a calquera edificio do Concello



debe contar co maior apoio posible, senón repetiremos erros do pasado como sucedeu co rueiro municipal. Estamos de acordo coa proposta sempre e cando se busque pola vía do consenso falando con todos e con todas para que estas decisións perduren no tempo máis alá de todos nos. O que si defenderemos é a figura de Manuel María como se merece, e todos aqueles actos que se organicen co gallo da celebración do día das Letras Galegas, nada máis,

O sr. Alcalde ten a palabra: Moi ben, moitas grazas, ten a palabra a señora Julia Pérez.

A sra. Jácome toma a palabra (Democracia Ourensana): Boas tardes a todos, Democracia Ourensana por suposto non está en contra da calidade literaria de Manuel María, como quedou plasmado ao largo da súa andadura intelectual, pero gustaríanos que ese oco entre comillas o ocupase o mellor pois alguén da Cultura alguén relacionado directamente con Ourense ou de Barbadás, alguén que sexa precisamente de aquí e en todo caso sometelo a votación para saber que opinan todos, ¿de acordo? grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: A votación vaise a someter agora, que é unha proposta pola tanto ten que someterse a votación, ten a palabra o voceiro ou a voceira do Partido Popular.

A sra. Carril toma a palabra (PP): Boas tardes a todos Concelleiros e ao público asistente, en maio dedícanlle as letras Galegas a Manuel María, entón van a cambiar todos os anos o nome da Casa de Cultura para pór o nome do escritor o que se dedique ese ano? ¿Por que a este escritor e non a outro? ¿fixeron algunha sondaxe preguntando aos veciños e asociacións culturais do Concello sobre este escritor?. Se cadra se fixeran esa consulta pois os colectivos culturais vostedes que tanto presumen de consultalo todo cos veciños e asociacións, atopan a unha persoa que eles a prefiran e que fixera máis polo Concello de Barbadás que Manuel María. Este señor que merece todos os nosos respectos a parte de que foi Concelleiro do BNG en Monforte de Lemos ¿fixo algo polo Concello de Barbadás?, si, compañeiros da oposición a persoa que o BNG propón para que a Casa da Cultura ou “contenedor” como eles lle chaman leve o seu nome foi Concelleiro do BNG e militante desde sempre deste partido, que causalidade ¿verdade? Líbrenos Deus de presentar nós algo parecido, sacaríanos en todos os medios de comunicación, pero como o fan eles non pasa nada. Repito a pregunta ¿este señor fixo algo polo Concello de Barbadás? que si cadra ao mellor hai algunha figura máis relevante para que a Casa de Cultura leve o seu nome, quedaría moi feo, que haxa alguén que fixera máis pola Cultura de Barbadás e non se lle poña o seu nome, investiguen señores do BNG, cerciórense ben antes de poñerlle o nome de alguén que nin sequera é da Provincia de Ourense. A vostedes que cando se lles enche a boca dicindo e creando un consello municipal de participación veciñal ¿acordárono con eles? ¿ou simplemente foi outra iluminación



do BNG? Ala poñémoslle este nome a Casa da Cultura pois porque si, sempre que estivese acordado, consensuado cos colectivos veciñais a Casa de Cultura leva de Manuel María de Barbadás, pero sospeitamos que non foi así que ninguén falou con estes colectivos para escoitar a súa opinión e tela en conta, ou se eles tiñan a outra persoa máis axeitada para que a Casa de Cultura leve o seu nome. A min como veciña gustárame de poñerlle un nome a casa de cultura que fora alguén relevante ao Concello de Barbadás que os hai que fagan os deberes e búsquenos, moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a señora Concelleira de Cultura.

A sra. González toma a palabra: Manuel María independentemente da súa ideoloxía política, que efectivamente e a moito orgullo foi militante do BNG ata súa morte, a moito orgullo, a moito orgullo tamén foi Concelleiro do BNG en Monforte de Lemos efectivamente, pero fundamentalmente polo que se trae aquí esta proposta non é por esa parte da súa vida senón pola outra. Unha proposta que ademais está consensuada a nivel político na Xunta de Galiza, e na Real Academia Galega, eu non vou a poñer en cuestión a calidade humana e literaria independentemente de ideoloxías políticas, de Manuel María, non de Manuel de María. En segundo lugar non vou a caer en localismos, é dicir, o que vostedes tentan é tender a trampa de ¿non hai alguén en Barbadás?, non iso é localismos. Manuel María é unha figura literaria, histórica, galega, que defendeu algo que a vostedes lle molesta moito, que é a Lingua e a Cultura Galega. A lingua do País e a Cultura do País, unha persoa moi achegada ao Pobo, moi achegada ademais a todos os sectores da poboación a nivel literario, coñecida, e que agora é o ano ideal se queremos pórle o nome a Casa de Cultura, para pórle este nome que é a nosa proposta. A proposta do Goberno, non a proposta do BNG, ven como proposta do Goberno, en outras circunstancias podería vir como proposta do BNG, pero en esta en concreto ven como proposta de Goberno. Por outro lado, coa xente que falei, eu evidentemente non vou a ir falando persoa con persoa, pero coa xente que falei pareceulles boa idea, polo que el representa a nivel literario, insisto. Ademais hai outros aspectos, na Casa de Cultura albergase a Biblioteca, unha Biblioteca infantil e unha Biblioteca xuvenil, que ten obras de Manuel María que poden ler nenos e adultos, e ademais un auditorio e Manuel María tamén tiña teatro, de aí o afán por poñerlle este nome. E evidentemente cando para o ano que ven se lle dediquen as Letras Galegas a outro persoeiro da Cultura Galega, non imos a propoñer un cambio de nome, en todo caso proporémoslle que se lle poña o nome ese ao mellor o Polideportivo ou a outro edificio municipal, pero neste caso estamos falando da Casa de Cultura e por suposto se lle poñemos nome non é para cambiarllo dentro de un ano.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o señor Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Nada, solo apuntar que estas cousas deberían consensuarse antes, a nós



non nos chamaron para preguntarnos, si se tiña pensado poñerlle un nome a un edificio do Concello creo que falar cos diferentes grupos pois non é tanto traballo e así poderíase consensuar hoxe en día como unha declaración institucional e estaría fora do debate político, estas cousas deberían estar fora do debate político, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a señora Pérez Jácome.

A sra. Jácome toma a palabra: Eu repito que nós non estamos en contra da calidade literaria de Manuel María, simplemente creemos que ese oco ten que ocupalo alguén e o nome de esa persoa que se someta a votación entre os que lle corresponda, simplemente iso.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señora Nieves Carril.

A sra. Carril toma a palabra: Repito o mesmo que os meus compañeiros do Grupo Mixto e Democracia, que non estamos en contra da obra literaria de Manuel María, simplemente preguntamos se houbo consenso, falastes con algún colectivo cultural, propoñendo ese nome ¿estaban de acordo? eu creo que dentro do Concello de Barbadás hai xente bastante relevante para levar o nome da Casa de Cultura, iso quero deixalo moi claro, non estamos en contra de que sexa Manuel María, pero gustaríanos que fora unha persoa máis relevante dentro do Concello, creo que os outros grupos están de acordo en iso, tanto o Grupo Mixto

O sr. Alcalde toma a palabra: Por favor, xa corresponde sometelo a votación, é unha proposta de Alcaldía, polo tanto hai votación, entón neste momento sométese a votación, a proposta de Alcaldía e a relación a que a Casa de Cultura de Barbadás, chámese “Casa de Cultura Manuel María”, ¿votos a favor?, ¿abstencións?, ¿votos en contra?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, os votos en contra do Grupo Mixto e as abstencións do PP e Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Proposta de Alcaldía para que a Casa da Cultura de Barbadás pase a nomearse Casa de Cultura Manuel María”**

4.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS Á ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES CULTURALS SEN ÁNIMO DE LUCRO DE DESENVOLVAN ACCIÓNS NO ÁMBITO DA CULTURA 2016.

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día que son as resolucións de alegacións á ordenanza reguladora para a concesión de subvencións a asociacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o ano 2016 no ámbito da cultura. Hai unha serie de alegacións presentadas en algún caso por



persoas físicas, só hai dúas, unha fai referencia a cambiar a que se acepten as alegacións han formulado de xeito que queden excluídas desta convocatoria aquelas actividades ou programas que veñan reguladas noutras convocatorias do Concello de Barbadás ou que perciban por parte do Concello calquera outra subvención, sexa esta de tipo ordinario ou extraordinario e aquelas que non cumpran algún requisito das presentes bases. Despois hai un informe por parte da Concelleira, aceptando esta alegación, ten a palabra a Concelleira.

A sra. González toma a palabra: Hai unha persoa física presenta dúas alegacións, unha con respecto aos beneficiarios, cambiar: “ter o seu domicilio social no Concello de Barbadás, que realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Entidades” polo seguinte texto: “se unha asociación cultural con domicilio social no Concello de Barbadás e realizar actividades de interese municipal e que se atopen debidamente inscritas como Asociación Cultural no Rexistro Municipal de Entidades”, esta alegación informase favorablemente e acéptase dado que efectivamente a subvencións en concorrència competitiva ás que se refire esta ordenanza teñen como destinatarias exclusivas as asociacións culturais e son para actividades culturais realizadas por estas. E unha segunda alegación, na que se cambia “ Quedan excluídas desta convocatoria aquelas actividades ou programas que veñan regulados noutras convocatorias do Concello de Barbadás e aquelas actividades que non cumpran algún requisito das presentes bases” polo seguinte texto: “Quedan excluídas desta convocatorias aquelas actividades ou programas que veñan regulados noutras convocatorias do Concello de Barbadás ou que perciban por parte do Concello calquera outra subvención, sexa esta de tipo ordinario ou extraordinario e aquelas que non cumpran algún requisito das presentes bases”. Tamén aceptada coa finalidade de evitar duplicidades no financiamento das actividades.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señor Ramón Padrón ¿algunha consideración sobre estas alegacións?

O sr. Padrón toma a palabra: Nada sobre as alegacións non temos nada que dicir, porque segundo a ordenanza que se presentou no seu día pois non hai nada é unha alegación totalmente comprobada, nós xa dixemos todo o que tiñamos que dicir no seu día sobre a ordenanza, que non nos parecía o xeito de presentalas nin de levala a cabo, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a señora Julia Pérez.

A sra. Jácome toma a palabra: Pois Democracia Ourensana non ten nada que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Boa tarde a todos e a todas, imos a ver, nós xa nos manifestamos no



seu día de que estas ordenanzas que propoñen vostedes, terían que ser consensuados primeiro con todos os colectivos para facelas dunha forma xeral para todos, e que beneficiara a todos estes colectivos culturais, no caso que nos está a tocar, imos a ver agora que se traen aquí, pois si hai esas dúas alegacións e estanas tendo en conta, nós como vamos a manter a nosa postura e non nos vamos a pronunciar, non estamos de acordo de que se houbera feito á marxe do colectivos, moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señora Ánxela

A sra. González toma a palabra: Non teño nada que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois entón dado que as dúas alegacións están valoradas positivamente e informadas positivamente, podemos sometelas as dúas xuntas a votación. Votos a favor das alegacións, abstencións, votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, e cas abstencións do PP, Democracia Ourensana e Grupo Mixto, o seguinte acordo:

“Resolución de alegacións á ordenanza reguladora para a concesión de subvención a asociacións e entidades culturais sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no ámbito da cultura ”

5.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DE ALEGACIÓNS Á ASOCIACIÓNS E ENTIDADES CULTURAI S SEN ÁNIMO DE LUCRO DE DESENVOLVAN ACCIÓN S NO ÁMBITO DA CULTURA 2016.

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día é a aprobación da ordenanza antes mencionada, polo tanto simplemente se trata de sometelo a votación, insisto é a aprobación definitiva, xa houbo o debate no anterior pleno, ¿ votos a favor incluíndo as alegacións que xa se inclúen? ¿ abstencións? ¿ votos en contra?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, e cas abstencións do PP, Democracia Ourensana e co voto en contra do Grupo Mixto, o seguinte acordo: **“Aprobación definitiva da ordenanza reguladora para a concesión de subvencións a asociacións e entidades culturais sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no ámbito da cultura 2016 ”**

6.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN S Á ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCECIÓN DE SUBVENCIÓN S Á ASOCIACIÓN S VECIÑAI S INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN S DO CONCELLO DE BARBADAS PARA O ANO 2016.



O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao seguinte punto que é a resolución de alegacións á ordenanza reguladora para a concesión de subvencións para asociacións veciñais inscritas no rexistro municipal de asociacións do Concello de Barbadás para o ano 2016, neste caso hai máis alegacións que pasa a trasladar o señor Concelleiro de Participación Cidadá.

O sr. Núñez toma a palabra: Boas tardes a todos e a todas, en relación con esta ordenanza competitiva para o reparto de subvencións no ano 2016 para as asociacións veciñais, pois en total son catro as alegacións que se presentaron, unha dun particular, outra de sete asociación veciñais, e despois dúas máis unha de cada asociación veciñal que pasarei un pouco a debullar aínda que xa se viu na comisión informativa pois que se vexa un pouco o sentido das alegacións. Ben a primeira alegación da que vou a falar é dun particular que solicita efectivamente que se modifique o artigo dous no sentido seguinte, di que, a proposta da alegación vai neste sentido “Poderán ser beneficiarios todas as Asociacións Veciñais con domicilio social no Concello de Barbadás e que realicen actividades de interese municipal que se atopen debidamente inscritas como Asociación Veciñal no Rexistro Municipal de Entidades e que cumpran as seguintes condicións:

- a- Carecer de fins de lucro.
- b- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Barbadás
- c- E non estar incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003”.

Se informa favorablemente a alegación, porque se entende que efectivamente vai no sentido de evitar unha duplicidade, de exercer efectivamente un maior control e como realmente pois no texto orixinario pois se falaba agrupacións de entidades ou de persoas físicas ou xurídicas, neste caso como todas son asociacións veciñais, perfectamente e legalmente constituídas e rexistradas o listado no Concello pois digamos que se acepta esta alegación. A outra alegación di tamén, vai referido o último parágrafo do artigo 2, e tamén di “ Quedan excluídas desta convocatoria aquelas actividades ou programas que veñan regulados noutras convocatorias do Concello de Barbadás ou que perciban por parte do Concello calquera outra subvención, sexa esta de tipo ordinario ou extraordinario e aquelas que non cumpran algún requisito das presentes bases. Pois tamén se informa favorablemente, se acepta no sentido da alegación, no sentido de que efectivamente isto da lugar duplicidade e podan as asociacións digamos concorrer e optar a algún tipo de subvención por outra vía. Entón digamos esta é a primeira alegación dun particular, digamos que ten estas dúas alegacións conxuntas, e agora en segundo lugar vou a referirme a unha alegación rexistrada tamén por unha representante dunha asociación veciñal en nome de sete asociacións



veciñais, pois que son de Piñor, de Sobrado do Bispo, Mun di Deu, Fonsillón, As Lamas, Loiro e Finca Fierro, sete das nove existentes no Concello. Ben, a primeira alegación digamos vai non sentido de que se entende os alegantes de que o sistema non é xusto, e eu aquí teño que dicir que efectivamente non se está de acordo, porque se entende que o sistema é absolutamente xusto xa que é un sistema de concorrencia competitiva, onde aquelas recibirán máis subvencións aquelas asociación que máis e mellores actividades programen ao largo do ano, polo tanto isto incidiría de xeito positivo na vida social das nosas parroquias. Despois hai unha segunda alegación, que fala dos artigos 3,4 e 5 e argumentan que non está suficientemente claro o sistema de concesións, e que non se sabe se a actividade vai a ser ou non valorada e suxerimos un sistema que non cause riscos financeiros ás asociacións. Dicir que en todo caso, todas estas alegacións seguintes ás que me vou a referir, digamos que non se proxectan ou non se plantexa por parte dos alegantes un texto alternativo da ordenanza, polo tanto, neste caso pois se fixo é que aquelas que se aceptaron se fixo de oficio, para darlle sentido un pouco tamén á aceptación da proposta, porque non hai neste caso texto alternativo. Entón dicir que neste caso, pois dicir que esta alegación todas as actividades van ser efectivamente valoradas, e que evidentemente o que non se sabe a priori a puntuación, nin a cantidade económica que se vai a obter por cada actividade. Quero dicir que efectivamente isto é unha cuestión absolutamente inherente ás subvención de tipo de concorrencia competitiva, coma a que hoxe traemos aquí, para posiblemente a aprobación definitiva, e tanto estas ordenanzas tanto que se plantexe pola Xunta ou pola Deputación ou o resto dos Concellos, e reseñar que efectivamente pois isto era o sentido desta ordenanza, se trata disto de favorecer a participación de quen realmente, pois que as asociacións proxecten este tipo de actividades, é dicir que, ata agora nunca se puido obter a cantidade de 3.000 euros que neste caso se proxectan como o máximo para obter polas distintas actividades que desenvolvan nas asociacións, e recordar que efectivamente polo seu momento os posicionamentos do PP eran absolutamente distinto, eran asignacións absolutamente nominativas onde se subvencionaban poño por caso algunha asociación de veciños absolutamente fantasma, onde se subvencionaban con 1.500 euros “ la fantástica agarrada do porco”, onde enzoufaban un porco alí no lodo, e metían os nenos alí a xogar e a agarrar aos nenos. Ben, se asigna, falase de 240 euros por punto que se obteña nos criterios de valoración do artigo anterior, sería o que se acepta digamos desta emenda. No artigo 3, outra alegación que se fala da comisión de valoración de subvencións.

O sr. Alcalde toma a palabra: Remate con esta alegación e logo deixa San Bieito para a seguinte intervención.

O sr. Nuñez toma a palabra: Ben, é que son bastante iguais as alegacións, neste caso dicir que se fala



de que comisión de valoración é máis política que técnica, entón se plantexa e se acepta esta alegación e quedaría a Presidencia o Concelleiro de Participación Cidadá ou persoa na que delegue, dous vogais que serían dous traballadores municipais con experiencia en participación veciñal e tramitación de subvencións, e o Vicepresidente do Consello Municipal de Participación Veciñal ou persoa na que delegue, e o Secretario é a Secretaría do Concello con voz e sen voto, ou persoa en que delegue. E digamos que na ordenanza orixinaria pois efectivamente pois ía máis no sentido de, con representantes, con concelleiros que se nomearan por parte da Alcaldía... etc. Simplemente unha pequena, breve, que se dubidou efectivamente na Comisión Informativa respecto da elección do Vicepresidente do Consello Municipal de Participación Veciñal, cando foi algo absolutamente democrático e os que estiveses alí o puidestes ver, onde os representantes non adscritos da veciñanza escolleron a un deles, dos que estaban presentes alí nese momento, polo tanto se conta con el efectivamente para este tipo de cuestións. Outra alegación que sería a cuarta no artigo 7, se fala de “potenciar as parroquias do rural do Concello, entón no artigo 7, a potenciación de actividades que se desenvolvan nas parroquias do rural do Concello valorarase cun punto, de acordo remato un pouco coas solicitudes, e en definitiva aquí se fala de solicítase a paralización da ordenanza , elaboración dunha nova redacción que efectivamente non se vai a paralizar polo risco de quedar sen subvencións ó longo do ano que se está facendo un traballo efectivamente cos distintos representantes as asociación veciñais para consensuar as alegacións si se están aceptando, en gran medida, polo tanto é algo que se trasladou, se mantiveron reunións varias, dúas cons distintos representantes, entón a idea é iso solicitar que estas alegacións no sentido de como se propuxeron para mellorar a ordenanza

O sr. Alcalde toma a palabra: Dado que se estendeu un pouco máis no tempo, creo que era merecente de que se foran explicando detalladamente as alegacións todos vostedes terán un tempo engadido, señor Ramón Padrón ten a palabra.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, como representación de iniciativa veciñal que estamos aquí e como dixemos xa no Pleno onde se trouxo a aprobación inicial desta ordenanza, esta é a demostración de que fálase de democracia, pero a democracia non se aplica cando se goberna. Nós xa dixemos no seu día que o xeito de traballar dun goberno non é este, o xeito de traballar dun goberno que quere sacar unha ordenanza o primeiro é reunir ós colectivos que vai a afectar esa ordenanza, pasarlle un borrador do que se quere facer para que eses colectivos e o teñan na man e traballen sobre el, e logo presenten as súas propostas e consensuar unha ordenanza na medida do posible xa sabemos que ó 100 % nunca se pode contentar a todos pero sería o xeito de traballar e a xente tería a posibilidade de expoñer e de propoñer as



súas necesidades, e o Concelleiro da quenda recollerías faría unha ordenanza axeitada e traballaría sobre ela presentaría a Pleno e logo pois ó mellor algunha alegación se presentaría non dicimos que non, pero para nós sería o xeito de traballar, pero como as cousas empezouse a casa polo tellado, empezouse tirando a ordenanza encima da mesa, nin consello de participación cidadá, nin asociacións de veciños, nin nada polo estilo, tiramos a ordenanza enriba da mesa, querémola aprobar e sen chamar a ninguén, e o día seguinte empezouse a chamar ás asociacións porque empezámolas a informar, e logo fixéronse dúas reunións, pero ó final as reunións fixéronse pero ó final temos aquí un montón de papelorios cheos de alegacións e o traballo non se fixo, porque senón chegaríamos aquí sen tantas alegacións supoñemos nós, iso quere dicir que hai cousas que non están ben feitas e hai moita xente que protesta, e non unhas asociacións protestas conxuntamente, outras por separado pois é o que lograron vostedes é poñer a todo o mundo de acordo en contra dunha ordenanza que afecta simplemente a unha asociacións de veciños e que é cousa máis sinxela do mundo pero conseguiron poñer a todo o mundo en desacordo é certo que hai moitas alegacións que recolleron é certo que o sistema é bo é certo que poden conseguir as actividades que fagan e conseguir os cuartos pero séguense queixando que os cartos non se lle entregan ata final de ano, cando deberíanse presentar por actividades e vostedes deberían ter traballado nisto, non hai moito máis que dicir, xa dixeron todo o que había e non sei, no segunda quenda diremos algo máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón. Señora Julia cando

A sra. Jácome toma a palabra: Democracia Ourensana vai votar a favor porque a concorrência competitiva parécenos a maneira máis transparente de xestionar isto, e nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular

O sr. Fernández toma a palabra: Vamos a ver xa o dixemos antes isto cometeu o primeiro erro o señor Sarín en presentar unha ordenanza pola por riba da mesa sen falar cun ningún colectivo en especial xa sexa nas culturais, xa sexan asociacións de veciños, sensiblemente as asociacións de veciños que están a desenvolver unha labor encomiable neste Concello e sacando do seu tempo e que moitas delas o que fan dunha maneira para sacar á xente sobre todo xente moi maior nos pobos, da súa casa e poder participar, facelos partícipes de diferentes actividades. Á vista está de que isto non está ben nin que o consensuaron con ninguén porque de nove as asociacións de veciños que hai neste Concello, nove asociacións de veciños presentaron unha alegación e a parte un particular, e alegacións en máis de 6 puntos concretos hoxe as alegacións que van a ter en conta é “pecata minuta” o fondo da cuestión é facilitarlles ás asociacións o seu funcionamento, hai que contar e poder contar cunha partida para poder facer as actividades ninguén pode correr eses riscos. Vamos a ver ademais tamén nos gustaría saber xa que si



estamos de acordo que ten que se concorrencia competitiva porque favorece certas cousas pero pero tamén a nominativa non está mal, e pedíáselle un pouco de marxe tamén por unha falábase incluso de partir e ó longo do ano facer dúas presentacións de memoria de programas, para ir contando xa con algo, por exemplo o primeiro semestre logo un segundo, pero ter xa unha valoración específica tamén nos gustaría saber que todo está mal no tema da asignación nominativa as asociacións deportivas estáselle dando de forma nominativa pero tamén nos gustaría saber si no que vai de ano algunha asociación de veciños, ou algunha asociación cultural, se lles deu nominativamente algunha subvención desde este Concello. De todas maneiras polo que estou vendo hoxe aquí penso que vai saír aprobada entón a min gustaríame facer un inciso nesta cuestión, gustaríame esta proposta vai por diante que para a xente que se desenvolve mellor modernizar un pouco a administración e implementar na páxina do Concello, que por certo non a tedes modernizada absolutamente nada, implementar polo menos unha apartado no que se poda presentar de forma telemática estas solicitudes, e para a xente que non se manexa tanto coas novas tecnoloxías eu tamén os propoño que dende a área de participación veciñal, polo menos un funcionario do Concello estea a disposición de todas as asociacións para votarlles unha man, axudarlle a cumprimentar os anexos e informalo en cada momento de como está o trámite e o procedemento. Moitas grazas

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Serafín Núñez

O sr. Núñez toma a palabra: Ben, vou rematar entón as dúas alegacións que me quedan, vou ser breve, a terceira alegación digamos nesta orde presentada pola asociación de Bentraces onde a primeira alegación, máis que unha alegación é un razoamento que neste caso concordo absolutamente con el porque é a filosofía da concorrencia competitiva, a segunda alegación pois ten tamén é que son varios puntos non me vou a repetir en eles porque efectivamente aínda que son alegacións distintas moitas delas van ó mesmo fondo do saco, entón por exemplo a primeira parte da segunda alegación pois xa se digamos se acepta na primeira alegación presentada sobre relacionada co artigo 2 polo tanto se mantén en esa, con ese texto. Despois outro apartado que fala en relación cos artigos 3, 4 e 5 no tocante a coñecer con anterioridade a cantidade subvencionada pois se propón tamén o que xa se falou na anterior alegación asinar un valor económico de 240 € por cada punto que se obteña nos criterios de valoración, desa maneira poderán sopesar xa de inicio a cantidade a que poderán obter por cada actividade. A outra vai encamiñada tamén en relación coa comisión de valoración que tamén vai na mesma liña pide paridade entre os números de concelleiros e persoal técnico, neste caso se incrementa o persoal técnico respecto ó persoal político tal e como se dixo na anterior alegación queda do mesmo



xeito, e tamén unha cuarta alegación no sentido de favorecer ás parroquias do rural que xa digo que vai todo un pouco no mesmo sentido e tamén se queda iso potenciación de actividades que se desenvolva no rural de Barbadás con un punto, de acordo. Esta sería a 3 alegación e por último a cuarta alegación de asociación de veciños de Parada, esta é suxiren tamén unha parte nominativa se di que efectivamente pois non se nos acepta esta cuestión porque vai en contra do sentido da ordenanza de concorrencia competitiva, fala tamén dos riscos digamos o descoñecemento inicial tal do que vai obter cada asociación por actividades que se desenvolvan volvemos ó que falamos dos 240 € por punto que xa se falou no seu momento, e se fala tamén de poder presentar actividades fóra de prazo que tamén o Partido Popular o digamos o propón aquí, abrir un segundo prazo, é dicir que nesta ordenanza agora polo digamos por cuestións de tempo e estamos no mes de abril pero si que efectivamente para o ano vindeiro si que se aceptará un segundo prazo, un segundo período de para poder digamos presentar novas actividades ó longo do ano, para digamos que a comisión de valoración pois se reúnan minimamente dúas veces, é dicir, este ano é por unha cuestión de produtividade. O punto 3 di que solicitar unha memoria de gastos e ingresos no último ano que si que se van propoñen que non se solicite, non se acepta porque evidentemente hai que saber a situación económica de cada subvención e hai que pedir esta memoria, hai outro punto que fala da compra de si son subvencionables a compra de mobiliario e seguros de responsabilidade civil para a asociación, dicir que en todo caso o artigo 4 establece prohibicións de bebidas alcólicas e tabaco e evidentemente non limita este tipo de cuestións. Outra alegación vai no sentido tamén da comisión de valoración que xa falei que queda no sentido que como se comentou, e falan tamén no artigo 7 onde falan de propostas dirixidas a nenos de valorar a duración das actividades polo tanto e tamén falan do rural entón propónse unha inclúese unha modificación se a actividade para unha acción infantil 1 punto, a duración da actividade ata 1 punto se duran unha semana 0,25, entre unha semana e un mes 0,50, un e tres meses 0,75 e máis de tres meses 1 punto, e tamén potenciación que se desenvolvan en parroquias do rural 1 punto, polo tanto, é dicir, se están aceptando sobre todo estas cuestións que son así de criterio e que son realmente cuantificables e perfectamente plasmables relacionadas co artigo 7 de criterios de valoración. Pagos a conta, se di que efectivamente pois non se aceptan porque ten que se xustificado a finais tal e como establece a ordenanza e volve tamén sobre a os criterios de valoración do que van a obter por cada actividade 240 € por punto como xa dixen nas alegacións anteriores e que xa digo que van todas un pouco na mesma cuestión. E remato dicindo que efectivamente pois si aquí tróuxose un boceto como inicial se tiveron reunións cos distintos con todas as asociacións en dous



tipos, dúas reunións distintas onde chegou con todo a información do mundo onde se lle deu, se lle falaram dos prazos e se aceptaron as alegacións que efectivamente pois eran máis de criterio sobre todo nas relacionadas co artigo 7 e que pois, non sei eu creo que, pois é a mellor maneira de efectivamente e xa remato, de encamiñarnos cara o futuro e que ten que haber efectivamente un antes e un despois nas políticas nas políticas de subvencións do Concello de Barbadás, onde levamos pois efectivamente moitos anos con políticas digamos de clientelismo e de asignacións absolutamente nominativas para achegarnos a concorrència competitiva e efectivamente pois chegar a que efectivamente quen máis propoña pois máis diñeiro e máis subvencións se poidan ter ó longo do 2016.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Teña presente que se excede do tempo polo tanto de novo os demais grupos terán algo máis de tempo. Eu comprendo que tiña que ser explicado e que todos vostedes o comparten tamén, por iso lle agradecemos esa deferencia. Señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Sen repetirmos no mesmo as asociacións evidentemente reuníronse con elas, recolleron moitas das propostas aclaráronlle os temas pero ó final non quedaron satisfeitas polo que a nós nos expresaron todas. Simplemente dicir con iso concordo co señor Manuel que poñer persoal do Concello a disposición delas para axudarlle nos trámites porque asociacións que non contan, que contan con xente que ó mellor estas cousas se lle fan un pouco latosas teñen que pensar vostedes que nos pobos a xente que se fai cargo das asociacións xa bastante fai con querer meterse aí, porque non é fácil e hai persoas que ó mellor están preparadas e non se menten nas asociacións, entón vindo o Concello que poñer a lei a favor dos veciños e non os veciños contra a lei, entón traten de facer leis e traten de adaptar as leis á práctica do día a día dos veciños e por exemplo, se unha asociación non ten cuartos que actividade fai facer durante o ano?, se unha asociación no mes de decembro ten na conta 100 € dígame vostedes que actividades se van a atrever a facer durante o ano, van a presentar a memoria, para darlle os 3.000 € evidentemente o sistema de puntuación que está aquí ven efectivamente que van a conseguir o diñeiro porque as actividades que van a propoñer vese claramente que se lle vai a aceptar por parte do comité de valoración váiselle a aceptar o diñeiro pero ese diñeiro non se lle vai a pagar ata decembro, quen vai a adiantar o diñeiro?, quen vai a poñer 3.000 €?, vains pedir pola xente do pobo a ver se llos dan?, por iso que hai que polo menos durante o ano dous ou tres pagos, pero tres pagos durante o ano habería maneira de facer para que estas asociacións tiveran unha seguridade de que van a facer esa actividade no prazo dun mes ou dous pois cobrarana ou quen contrataron pois esperará un pouco polo cuartos como esperamos os autónomos cando facemos traballos, pero dous meses, un mes ou dous pero non doce meses, entón pensen un pouco niso, si a



asociación que teña diñeiro pois ó mellor poderá asumir iso, porque sabe que ó final do ano cobrará ese diñeiro, pero a que non teña diñeiro?, porque o gastou todo facendo as actividades ese ano?, que llo vai ós veciños?. E logo vólvolle repetir señor Sarín, o vicepresidente do consello de participación veciñal foi escollido por sete persoas que viñeron por alí cando tiñan que ser quince, e logo para ser vicepresidente tiña que ser escollido por todos os alí presentes, e foi posto así e vostedes póneno aquí, eu non digo que, eu non teño nada en contra del, e oxalá houberan vido alí 50 persoas e se houber elixido e funcione isto, nós queremos que funcione, entende, pero cando non hai xente o que non se pode é meter á xente porque si e porque entón vostedes están defendendo, ou sexa están criticando o anterior que se facía cousas a dedo, e vostedes doutra maneira volven facer o mesmo, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Julia Pérez. Entón ten a quenda de palabra o señor Manuel

O sr. Fernández toma a palabra: Insistimos si é certo que e todo hai que dicilo isto ven mal parido, isto está mal parido ou o que se fixo foi presentalo e entón de todo o malo hai catro cousas que queren incluír porque llo dixeron as asociacións claro, e entón admitimos polbo como animal de compañía, aí o temos. Agora atopámonos co problema o que dicía o compañeiro do Grupo Mixto, como van facer as asociacións ó longo do ano, certo é ese representante que vostedes poñen vicepresidente do consello municipal de participación veciñal elixido si, por 7 persoas non que pasaron por alí, por 7 persoas que se chamaron por teléfono previamente, 7 persoas que tiñan que ser 15 nin tan sequera apareceron todas, apareceron 7 porque as chamaron por teléfono e entón foi elixido por eses 7 que estaban alí. A parte despois en caso de que non estea o vicepresidente do consello municipal de participación veciñal ou persoa en quen delegue, en quen vai delegar o vicepresidente do consello municipal de participación veciñal, nalgún concelleiro, esa é a miña pregunta, sorpréndeme ademais a postura con todos os meus respectos da compañeira de Democracia Ourenzana que xa se manifestou en ía a votar a favor disto, vamos a ver, nós dende o primeiro momento que se nos plantexou isto reunímonos con todas asociacións de veciños e máis aínda despois da reunión que tiveron vostedes con todas elas que se admitiron estas alegacións que xa dixeran ó principio é “pecata minuta”, a día de hoxe e onte facendo unha segunda rolda de contactos ningún está de acordo pode haber unha que non se pronuncie, pero todas están en desacordo coa ordenanza pode haber algunha, unha, dúas, vámoslle dar unha marxe de confianza ó goberno a ver como vai rodando isto, pero dicía que me sorprende a postura da compañeira de Democracia Ourenzana que sen consultar con ningunha asociación de veciños de se vai a manifestar a favor da ordenanza sen escoitar o plantexamento de todas elas, con



todos os meus respectos así llo digo. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Manuel. Unha vez que finalizou a quenda de palabras de todos os grupos sométese a votación cada unha das emendas en función da orde cronolóxica de entrada.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando da seguinte maneira:

- **Primeira alegación presentada pola Asociación veciñal San Bieito de Bentraces queda aprobada por unanimidade.**
- **Segunda alegación presentada pola Asociación de As Lamas, Asociación de Piñor, Asociación de Sobrado do Bispo, Asociación de Loiro, Asociación de Mun di Deu, Asociación de Finca Fierro, Asociación de O Fonsillón: punto 1 rexeitada cos votos a favor de Democracia Ourensana, PP e Grupo Mixto, e os votos en contra do Grupo de Goberno, queda rexeitada polo voto de calidade do Alcalde. Punto 2 aprobado por unanimidade. Punto 3 aprobado por unanimidade. Punto 4 aprobado por unanimidade. Punto 5 rexeitada cos votos a favor do PP e Grupo Mixto e os votos en contra de Democracia Ourensana, PSdeG-PSOE e BNG.**
- **Terceira alegación presentada pola Asociación de Parada de Piñor: punto 1 queda rexeitado cos votos a favor do PP e do Grupo Mixto e os votos a favor de Democracia Ourensana, PSdeG-PSOE e BNG. Punto 2 queda rexeitado cos votos a favor do PP e Grupo Mixto e cos votos en contra do PSdeG-PSOE, BNG e Democracia Ourensana. Punto 3 queda aprobado por unanimidade. Punto 4: a) queda aprobado por unanimidade. b) queda rexeitado cos votos a favor do PP e Grupo Mixto e os votos en contra de PSdeG-PSOE, BNG e Democracia Ourensana. c) queda aprobado por unanimidade. d) queda aprobado por unanimidade. Punto 5 queda rexeitado cos votos a favor do PP e Grupo Mixto e os votos en contra do PSdeG-PSOE, BNG e Democracia Ourensana. Punto 6 queda aprobado por unanimidade.**
- **Cuarta alegación presentada por Andrés Soto Sánchez: punto 1 queda aprobado por unanimidade. Punto 2 queda aprobado por unanimidade.**

7- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONES VECIÑAIS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONES DO CONCELLO DE BARBADÁS PARA O ANO 2016.



O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día é a aprobación definitiva da ordenanza, que soamente é votar. Polo tanto votos a favor, votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e Democracia Ourensana e os votos en contra do PP e Grupo mixto o seguinte acordo: “Aprobación definitiva da ordenanza reguladora para a concesión de subvencións a asociacións veciñais inscritas no rexistro municipal de asociacións do Concello de Barbadás para o ano 2016”

8- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DA IMPLANTACIÓN DA “LIÑA FRÍA” NO COMPLEXO HOSPITALARIO CRISTAL-PIÑOR DE OURENSE

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ás mocións, a primeira moción é unha moción do BNG sobre a implantación da liña fría no Complexo hospitalario Cristal-Piñor de Ourense. Ten a a palabra o seu voceiro ou voceira.

O sr. Fírvida toma a palabra: Este é un feito aínda non consumado pero empeza haber posto que aínda non hai resolución administrativa nin hai expediente na Xunta de Galicia, pero si que empeza haber moitos indicios para sospeitar dunha operación inminente do Partido Popular na Consellería de Sanidade que ha de establecer no centro hospitalario de Ourense no CHUO o chamado liña fría nas comidas deste centro hospitalario. O servizo de comida fría, de liña fría para que vostedes se fagan unha idea supón que en lugar de cociñar todos os días nas propias cociñas que dispón o centro hospitalario e que os funcionarios públicos os traballadores do servizo de cociña e atender a todos os pacientes alí hospitalizados o que se vai facer é privatizar o servizo de comidas darllo a unha empresa privada que fará unha comida nunhas naves industriais esta comida posteriormente se conxelará ou se reducirá a súa temperatura por debaixo dos 3 grados centígrados para posteriormente ó longo de toda a semana ou incluso ata 23 días de prazo coller esta comida conxelada levala ó centro hospitalario de Ourense, metelas en microondas ou en formas requeitada, e servila ós pacientes que hai nese centro. As consecuencias son estas eu non sei se vostedes poden ver pero esta é unha comida habitual como a que se pode servir hoxe en día nun centro hospitalario como é o CHUO, unha comida recién cociñada por especialistas e atendendo ás propias patoloxías de todos os enfermos alí hospitalizados, é dicir, se individualizan as comidas en función da enfermidade que teña cada paciente e se hai un celíaco se lle fai sen glúten, se hai un diabético se lle fai unha comida acaecida á súa enfermidade e incluso tamén dependendo de cal é a patoloxía pola que estea ingresado, e a consecuencia desta liña fría é a



fotografía da dereita unha comida prefabricada, previamente conxelada e posteriormente requentada, isto supón erros como hai, por exemplo, e este é a sospeita que ten o Bloque Nacionalista Galego porque isto se está implantando no centro hospitalario que saíu na área sanitaria de Vigo no Álvaro Cunqueiro, está funcionando este sistema de liña fría, e está sendo un auténtico desastre. Esta é a puntilla á sanidade pública, isto é o maior ataque aos servizos asistenciais que ten sufrido a sanidade galega que xa son moitos, pero eu creo que isto é xa unha volta que non ten volta atrás nos servizos de privatizacións porque a comida tamén afecta á asistencia sanitaria, como despois vou a detallar. Dicíamos que hai moitos indicios para pensar que isto se vai a aplicar en Ourense, o primeiro deles é porque se está aplicando no Álvaro Cunqueiro de Vigo, e como todo isto consiste en criterios monetarios o Partido Popular acolléndose a estes criterios diranos dentro de pouco que é máis barato facer a comida nunha nave industrial no polígono de San Cibrao das Viñas ou por exemplo na Cañiza e que ise polígono industrial que esa empresa de cátering sirva a comida no Álvaro Cunqueiro, sirva a comida no CHUOU, sirva a comida no hospital de Pontevedra, ou sirva a comida no hospital de Lugo. Os indicios que temos que para que o Bloque Nacionalista Galego teña denunciado isto tanto no Parlamento Galego e tamén é o motivo polo que nós o traemos ó Concello de Barbadás é que xa se están facendo estudos porque as empresas privadas xa foron a mirar as instalacións das cociñas no CHUOU e estase facendo estudos para comprar novo material para servir estas comidas por exemplo fornos de recalentamento da comida, polo cal está claro que teñen pensado aplicar este sistema en Ourense, estase formando aos traballadores do CHUOU e ás traballadoras que traballan na cociña que teñen contrato indefinido non os que teñen contratos temporais posto que estes van a ser despedidos para entrar a traballar no CHUOU os traballadores das empresas privadas pero estase formando a estes traballadores e a outros traballadores tamén de empresas privadas para servir estas comidas, polo tanto este sistema como dicía un ataque á sanidade por exemplo no Álvaro Cunqueiro moitas denuncias en canto á calidade e o sabor á elaboración dos alimentos, ó seu aspecto, o seu sabor, ás súas texturas, a temperatura coa que se serve, porque pode chegar un iogur a 43 grados centígrados porque o iogur se meteu tamén coa bandexa do resto da comida do forno onde se quentou, ou unha mazá pois tamén metida a quentar no forno co resto da comida. As racións son absolutamente insuficientes como está sucedendo no Álvaro Cunqueiro e a comida non está adaptada ás diferentes patoloxías nin ás diferentes cantidades serven comidas con erros nas dietas específicas dos pacientes, é un sistema mecanizado estandarizado polo tanto non hai ese sistema existencial que rexe na actualidade personalizado e que supón nós pensamos que é o mellor que podemos ter na nosa sanidade que polo



menos é o dereito a comer san, polo tanto o motivo da aforrar diñeiro eu creo que o Partido Popular unha vez máis vía dos feitos consumados vai a cometer un ataque á sanidade pública que nos vai a afectar directamente a todas as persoas que por desgraza facemos uso da sanidade pública.

O sr. Padrón toma a palabra: Dicur que estamos de acordo coa moción, estamos en contra da liña fría, pero propoñémoslle ó goberno é unha emenda in voce, para que como estamos falando de indicios e de sospeitas como o señor Fírvida acaba de dicir agora mesmo, aínda que xa son bastante evidentes propoñemos que no acordo se diga onde pon o Pleno do Concello insta ó goberno galego a considerar a súa decisión de establecer xa que esa decisión non é oficial propoñemos que o acordo sexa o Pleno do Concello insta ó Goberno Galego a que ningún momento se estableza o modelo de liña fría para o servizo de comidas do complexo hospitalario, e propoñemos esa emenda xa digo porque a decisión non é oficial aínda que hai indicios e sospeitas de que o poida a chegar a ser así, entón propoñemos iso, cambiar ese, onde pon reconsiderar a súa decisión de establecer, que poña a que en ningún momento se estableza o modelo de liña fría.

A sra. Jácome toma a palabra: Estaríamos en contra da liña fría se realmente houberse unha decisión tomada ó respecto creo que esta moción xa debateu na Deputación e o PP que agora non o podo confirmar, non tiña constancia de que se fosen a tomar esas medidas, así que nós vámonos a abster.

A sra. Vispo toma a palabra: Xa non sei por onde empezar porque estou, eu creo que todo o grupo do Partido Popular que estamos, hoxe estamos anonadados do que pasou neste Pleno coas anteriores mocións, a verdade que é que a xente está aquí pode estar orgullosa desta goberno e que creo que a xente que nos votou a todos os partidos que estamos aquí, vamos eu creo que na rúa soamente as persoas que están hoxe aquí que representan ás asociacións de veciños e que vostedes apoiaron eu creo que para vir aquí para sentarse nunha cadeira como concelleiro, deste grupo de goberno eu creo que hai que facer os deberes, e o que non se pode vir é a poñer en contra de nove asociacións que presentaron alegacións e que o grupo de goberno, o que si digo é como se lles vai a mirar os cidadáns e sobre todo ós representantes das asociacións veciñais, sobre todo o grupo de goberno que xa debían deles por si sós tirar xa con esta moción meter as alegacións e sentarse con eles a negociar, pero vou ó meu. Liña fría o que fai o BNG isto é unha moción marco que xa se leva en todos os Concellos que teñen representación o BNG, levouse á Deputación o BNG levouse á Deputación como ven dixo a señora Julia Jácome e neste sentido eu creo que o que quere facer é unha alarma social porque non hai nada, a señora xerente do complexo hospitalario dona Eloína Núñez saíu fai unha semana nunha entrevista que lle fixeron na radio que non hai nada, vostedes crearon unha alarma social, e de todas



maneiras para vir a sentarse aquí e defender os intereses dos cidadáns tanto sexan da provincia de Barbadás hai que facer os deberes e isto non vou a referirme a ningún grupo político pero creo que hai que sentarse e saber do que se ven a falar. Liña fría completa para colectividade hospitalarias isto é todos eu saqueino de internet porque si fixen os deberes, o noso grupo si que os fai, cada un dos concelleiros que aquí se sentan nas cadeiras e din o seguinte, é un estudo a universidade de Zaragoza onde teñen implantado alí os centros hospitalarios a liña fría, a importancia da colectividade hospitalaria radica no feito de que as persoas que van a recibir os alimentos son enfermos e non persoas sas quere dicir que forma parte dun grupo de risco ó que hai que poñer especial atención na calidade da alimentación e que ademais a alimentación que se lle administra corresponde en moitos casos nunha dieta que forma parte do tratamento para a súa evolución e pronta recuperación, un servizo de alimentación hospitalaria se enfronta ó reto de nutrir correctamente ó paciente e tamén non menos importante é que hai que brindarlle un momento agradable co servizo da comida á persoa que se atopa ingresada no hospital, o olor, o color, a textura e a temperatura, todo elo axustado ó presuposto pactado polo centro. Características da colectividade á hora de implantar o método de traballo de liña fría completa é moi importante coñecer as características da colectividade hospitalaria á que un se enfronta, así como as expectativas do paciente hospitalizado, patoloxía, non vou a ler todo iso porque podo aburririlles, dieta basal, con sal ou sen sal, pediátrica ou adulta, dietas terapéuticas modificación de textura, dietas progresivas, dietas de control, dietas de control minerais, dietas de patoloxía, todo o que un paciente necesita cando entra a un hospital, tamaño da poboación e regularidade no número de individuos que utilizan o sistema de restauración en hospitais común que ó longo dunha xornada oscile o número de persoas ingresadas que van a recibir alimentación, ben por altas, novos ingresos, ou porque haxa pacientes que non deben inxerir alimentos ese día por uns motivos ou outros, a variación de comensais pode ser inmensa o que obriga a ter unha perfecta planificación na produción hábitos alimentarios, preferencias, etc, é importante satisfacer as necesidades de dita poboación, polo que se procura que os menús se adapten a súa situación clínica, ser nutritivos e adaptados tamén a súa idade, que a comida sexa apetitosa, segura e manteña condicións óptimas de hixiene e presentación e chegue á temperatura axeitada, quente ou fría, non que se meta un iogur na mesma bandexa, no momento de consumila, nunha colectividade na que oscila o número de persoas preferencias, necesidades e patoloxías a solución que máis facilita o traballo e aforra custes, sempre garantindo a seguridade alimentaria, e a correcta temperatura dos alimentos é utilizar técnicas que permitan a conservación dos pratos en frío para retermalizar as cantidades que



require a demanda de cada día, isto é unha liña fría completa. Seguridade alimentaria, deixárame uns minutos acabo enseguida, como non interesa, vale de acordo, esa é a democracia que ten este goberno, unha razón que xustifica, non me interrompa por favor, estou no meu uso de palabra. Non teño problema total se se

O sr. Alcalde toma a palabra: Creo que o dixen moi claro señora Chelo dado que neste caso cando se debateron as alegacións se excedera para que quedaran ben explicadas todos os grupos ían ter un tempo adicional

A sra. Vispo toma a palabra: Mire o traballo que levamos a oposición como comprenderá.

O sr. Alcalde toma a palabra: Sabémolo porque estivemos na oposición señora Vispo, sabémolo e valorámolo seu traballo. Ten a palabra o señor Fírvida.

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa me cortou a palabra?, non, non, non teño ningún problema, xa ma cortou, non, non, non teño problema esa é a democracia aquí.

O sr. Fírvida toma a palabra: Primeiro, por empezar polo último, só por facer unha referencia moi rápida, vostedes teñen medo á participación democrática iso é o que lle sucede a vostede, do que fala dos deberes que están facendo na oposición é o que nunca fixeron durante 28 anos o goberno de Barbadás que é dar voz á cidadanía e á participación veciñal e entón agora que o fai o novo goberno vostedes se mosquean e lles parece mal que aquí se reparta o diñeiro público en función de concorrencia competitiva en igualdade de condicións para todas as asociacións veciñais e non se faga en réxime nominativo como facían vostedes que neste Concello había asociacións veciñais de primeira, de segunda e de terceira categoría e agora son todas iguais, entón agora vou a falar da moción, e agora vou a falar da moción que nos trae aquí, di a señora do Partido Popular, primeiro, xa sabemos cal é a postura oficial do Partido Popular que é a seguinte, empeza dicindo que non se vai a aplicar a liña fría dio moi brevemente para que non quede por se acaso moita constancia na acta do Pleno e a continuación se converte en representante comercial das empresas de liña fría defendendo a xestión da liña fría, é dicir, vostede é unha representante comercial, é unha intermediadora que colle en internet un informe elabora por unha empresa que realiza actividades en liña fría, si, claro a universidade pagada por quen, porque tamén hai universidades que din que a coca-cola é marabillosa, o que da vergonza é que vostede sexa médico e veña a defender cuestións.

Prodúcese un breve debate entre o señor Fírvida e o señor González.

Mire vullle dicir o que di o Partido Popular, o Partido Popular por exemplo en Andalucía sen ir máis lonxe, o Partido Popular presentará no Parlamento de Andalucía unha proposición non de lei na que



solicitará que se elimine a denominada liña fría dos comedores escolares, e que ademais se creen menús supervisados por pediatras, isto é o que fai o Partido Popular en Andalucía, pero é que ademais por exemplo expertos dietistas médicos expertos, médicos expertos dietistas, médicos, din o que consisten en mellorar a calidade da alimentación do complexo hospitalario, din a reversión parcial suporía mellorar porque solicitan a reversión dos sistema de liña fría nos hospitais públicos por exemplo de Navarra, mellorar o control dos alimentos e da seguridade alimentaria da comida, nun centro hospitalario as dietas deben ser consideradas como parte integrante do plan terapéutico, xa que deben estar encamiñadas á curación, especialmente en algúns casos e tipos de procesos como postoperatorios, enfermidades endocrinas, diabetes, enfermidades dixestivas, persoas maiores, nenos, enfermidades inmunodeprimidos, os sometidos a tratamento de quimioterapia, sen embargo este sistema de liña fría supón, que é unha comida envasada, prefabricada, conxelada, almacenada, transportada, precalentada e servida con procesos de estandarización igual que fai as hamburguesas o Mcdonalds. Sobre a emenda do Grupo Mixto non a vamos a aceptar porque entendemos que nada mellora nin modifica para nada o acordo que sometemos ó Pleno di exactamente o mesmo que o CHUOU retire desa planificación, e gustaríame dicir o que di Feijóo sobre a privatización da sanidade.

O sr. Padrón toma a palabra: Vostede non acepta a emenda porque non lle dá a gana, porque vamos a ver, vostede presenta algún papel ou algunha comunicación oficial por parte da Xunta de Galicia, xa dixen dende o primeiro momento que estamos en contra da liña fría, pero segundo se di aquí pon, o Pleno do Concello insta ó Goberno galego a reconsiderar a súa decisión de establecer, esa decisión non está tomada en ningún Parlamento, nin hai ningún papel que o diga, de momento vostede preséntanolo aquí, non, pois nós que diga a que en ningún momento se tome esa decisión, se tome esa decisión oficial, que non está tomada para iso vostede xa fala de decisións, pero onde está o papel, de acordo.

Prodúcese un breve debate entre o señor Fírvida e o señor Padrón

O sr. Padrón toma a palabra: Eu creo que se me entende ben, que en ningún momento se tome esa decisión oficialmente.

A sra. Vispo toma a palabra: Vou intentar ser educada, a ver se o consigo. Señor Padrón dixen antes claramente que a xerente do complexo hospitalario dona Eloína Núñez dixo que non hai nada, díxoo na radio, comunicouno en prensa, non hai nada, de todas maneiras vou a seguir lendo algo da cociña de liña fría pero que saiban que non hai nada, o único que quero é que saiban a diferenza que para



traer isto, que para unha alarma social como é o que vostedes están intentando traer, vou ler porque logo pásanme os minutos. En primeiro lugar o modelo de cociña con liña fría non supón a privatización de ningún servizo de cociña, nin supón que os pratos cheguen fríos ó servizo, eu respectivo a vostede, nin supón escasez de comida, nin entregar o menú que non se solicitou, unha cousa é o modelo, ou método de cociña para a preparación dos alimentos e outra moi diferente a organización da cociña de feito a cociña fría, a cociña quente, e a cociña de cocción ó baleiro, son distintas maneiras de cociñar os alimentos que implican sistemas de organización diferentes pero con un mesmo resultado en liñas xerais, pratos con máxima calidade en canto as súas condicións nutricionais e onde realmente está a variación, é a organización, e a planificación do traballo na cociña, o éxito, o fracaso do modelo depende da planificación, xestión, almacenamento e formación do persoal de cociña, non é un modelo ensaiado, xa que non é un modelo de nova creación, leva implantado máis de 15 anos a nivel de hostalería con un gran éxito e plena vixencia. É un modelo, non, eu non quero dicir que o vaian a implantar, estou dicindo onde está implantado e como está funcionando, vostedes están intentando crear unha alarma social, é un modelo que implica unha mellora na seguridade alimentaria xa que o rápido arrefriado da alimentación implica un mellor control da formación de toxinas e a súa retermalización no momento xusto do consumo, mentres que na liña quente o control da alta temperatura ten que producir durante máis tempo ata ter que chegar ó punto de entrega coa posibilidade de que esta cadea de temperatura se rompa, é para dicir que é mellor unha cousa ou outra. Non supón ningún tipo de privatización de persoal como vostedes dixeron, o mesmo que coa liña quente, é un modelo de xestión de cociña, nunca de xestión de persoal, representa claras vantaxes a nivel persoal, xa que ó separar a preparación dos alimentos da distribución o que a cociña quente non sucede, elimina a tensión do horario do servizo, os picos de traballo e consecuentemente reduce a posibilidade de erros, este escrito e quero que o vexan enviounolo tanto á Deputación cando presentaron a moción alí, como aquí dona Eloína Núñez para que o leamos, isto é, díxonos, non hai nada e deixádeo ben claro, non hai nada neste momento, dito na súa boca, e en prensa e en radio, o único que nos deu isto para que digamos como funciona e que non se especule coa liña fría para que non se cree a alarma social. Soamente quedoume e ten razón o meu compañeiro a nivel sanitario está implantado en Lugo, Santiago, Gregorio Marañón, Puerta del Hierro, Sant Pau, Santa Creu, Cruces, Basurto, Las Palmas La Rioja e en outros tantos sitios,

O sr. Fírvida toma a palabra: Neses sitios o PP está pedindo que se retire, si, si



O sr. Alcalde toma a palabra: Sométese a votación a moción para que o Goberno Galego reconsidere a súa decisión a establecer o modelo de liña fría no Complexo hospitalario de Ourense. Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PSdG-PSOE, BNG e Grupo Mixto, os votos en contra do PP e as abstencións de Democracia Ourenzana o seguinte acordo: **“Moción do BNG a respecto da implantación da “liña fría” no Complexo hospitalario de Cristal- Piñor de Ourense: O Pleno do concello insta ao Goberno Galego a reconsiderar a súa decisión de establecer o modelo de “liña fría” para o servizo de comidas no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense polo deterioro na calidade que representa e o menoscabo na alimentación dos e das pacientes, pedindo que se manteña o servizo de cociña nas condicións de prestación actuais. Igualmente que se garantan os postos de traballo e os dereitos do persoal que actualmente presta os seus servizos nese cometido.”**

9- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO DE BARBADÁS PARA DECLARAR BARBADÁS CONCELLO OPOSTO AOS TRATADOS DE LIBRE COMERCIO.

O sr. Fírvida toma a palabra: Xa sabemos que o Partido Popular fai exactamente o contrario do que pensa que é mellor para os cidadáns, porque o Partido Popular considera que o mellor para os cidadáns é un servizo de liña fría pero en Ourense non o van a implantar, viva a coherencia.

A Unión Europea e os Estados Unidos de América están negociando de costas á cidadanía e ás persoas e institucións que as representan parlamentos nacionais estatais e europeo un acordo de liberalización de comercio e investimentos que representa un serio perigo para a democracia e a debida protección dos dereitos sociais, laborais, ambientais e de saúde, antepondo interese comercial de investidores e empresas transnacionais a intereses xerais. O tratado estase a negociar de xeito secreto e na actualidade carecemos de documentos oficiais máis alá das filtracións sobre o contido total das negociacións. Os TTIP que é como se chaman estes tratados comerciais ó perseguir a liberalización total dos servizos públicos e apertura de prestacións así como as compras e licitacións de bens en servizo das administracións públicas pon en perigo todos os servizos públicos e as compras públicas en todos niveis de poder e compromete a viabilidade dos representantes elixidos democraticamente para administrar libremente as súas comunidades locais e promocionar a industria, emprego e iniciativas locais, deste xeito as leis de comercio priman sobre calquera outra consideración social e ignoran calquera lexislación continental, estatal, nacional, rexional ou local, as comunidades locais atópanse dominadas por axustes estruturais restritivos debidos ós acordos e as políticas de libre



comercio de protección do investidor, esta lóxica dismantela os servizos públicos e suprime a liberdade dos poderes locais para fornecer os servizos públicos e satisfacer necesidades sociais das súas poboacións atendendo a políticas e plan desenvolvemento industrial e de fomento da industria emprego locais, ao mesmo tempo promove instrumentos non democráticos que garantan os beneficios económicos das empresas transnacionais, o que supón unha cesión de soberanía aos poderes económicos, hai unha plataforma que se creou a nivel nacional e tamén na cidade e na provincia de Ourense en contra destes tratados de transatlántico de comercio e inversións hoxe hai varias persoas dos seus membros neste Pleno e se nos fixo chegar unha moción para que defendéramos un acordo deste Pleno en contra destes acordos comerciais entre a Unión Europea e os Estados Unidos que nós refundimos con outras mocións que tiñan presentadas partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, como vai afectar isto ás persoas, aumentará os recortes en dereitos laborais posto que a materia legislativa van ser estas grandes transnacionais quen establezan cales son as lei que se van a aplicar tamén en materia laboral, poñamos por caso, poñamos por caso, desaparecería o salario mínimo interprofesional vixente no Estado Español para aplicar por exemplo o salarios que teñen as transnacionais ubicadas en México e que poderían aplicar o salarios que se lles pagan ós traballadores mexicanos. A privatización dos servizos públicos irá a máis e contará con moitas máis facilidades nas áreas de sanidade, educación, medio ambientes, servizos como a auga, as grandes empresas contarán con máis privilexios a Unión Europea non poderá establecer lexislación propia para os seus países e os estados esixirán indemnizacións millonarias a calquera incumprimento con estas grandes transnacionais. Os alimentos, medicamentos, e outros produtos non se someterán ós controis actuais comeremos alimentos con tranxénicos, con hormonas, con cloro, e un longo etc, se sabelo. O fracking terá vía libre, esta técnica para extraer gas tan dañina para o saúde e para o medio ambiente implantarase con gran facilidade ademais importaremos este gas desde Estados Unidos o que porá en risco os obxectivos da Unión Europea para frear o cambio climático. E pola miña primeira intervención.

O sr. Padrón toma a palabra: Nada que dicir, estamos de acordo en instar ó goberno de España onde están os grandes partidos para que estas cousas tan malignas non nos, non revertan na poboación. Nada máis.

A sra. Jácome toma a palabra: Nós cremos que non é o foro axeitado para debater isto, que pertence ó Parlamento Español que pertence a Bruxelas e que nos vamos a abster.

A sra. Vispo toma a palabra: Sigo estando anonadada, é que xa non sei como mirar este Pleno de



hoxe. Vamos a ver isto é unha moción non sei se sabe as persoas que nos acompañan hoxe entre o público que é unha moción que presenta o grupo Podemos, o grupo político Podemos, en todos os concellos onde teñen representación aquí como non a ten, creo, de momento, non sei se xa hai aliados por algún lado, pois tráena para que a presente o grupo de goberno, como lle dixen ó, coincido con vostedes señora Julia Jácome, porque eu creo que se preguntamos á metade das persoas que están aquí sentadas, incluso algúns dos concelleiros que están sentados nas súas sillas, non saben de que vai este tema, porque isto é un tema é un tema bastante complicado, que se negociou na Unión Europea hai que ler, hai que estar en internet para saber que significa algunha das súas siglas porque se eu lles pregunto agora mesmo algún de vostedes que significa TTIP, TISA, CETA, EPA as siglas explicárono aquí perfectamente pero ninguén sabe a que se adica CETA que é o acordo integral de economía e comercio con Canadá, isto que quere dicir, que as industrias mineiras que teñen representación en Canadá que están en Estados Unidos, queren entrar na Unión Europea, eu tiven que facer os deberes igual que o meu grupo e estudar todo isto, isto é para que vexan o foro ó que nos traen aquí a Barbadás, isto realmente impórtalle ós cidadáns de Barbadás, non é o foro axeitado de todas maneiras o tratado de libre comercio entre a Unión Europea e Estados Unidos hai uns mitos que todos podemos sacar en internet para a xente que o queira ver, e ver que o que leu hoxe o señor Tenente alcalde non é tan malo como din, de todas maneiras isto negociouse en Europa o Partido Socialista e o Partido Popular, ou sexa que o señor Alcalde xa me constestou o outro día para que vostedes o saiban na comisión informativa, que hai veces que el non está de acordo, moitas veces non está. Aquí hai 10 mitos que nos votan abaixo as normas agora e no futuro as normas da Unión Europea simplemente non son obxecto de negociación, seguridade alimentaria, o TTIP respectará plenamente as normas de seguridade alimentaria na maneira de como establece a Unión Europea, dereito ós gobernos a regular, o TTIP reforzaría e faría máis estricto o sistema existente de resolución de litixio, así seguidamente os servizos públicos todos os acordos comerciais da Unión Europea deixa liberdade ós gobernos para xestionar os servizos públicos tal como o desexen, a diversidade cultural o TTIP respectará as industrias culturais coa súa diversidade e características propias, así seguiría lendo, non os vou a aburrir, de todas maneiras aquí temos un estudo feito pola Comisión Europea com representación en España onde nos di que impulsaría o crecemento a creación de emprego o consumo e os salarios, España entre os países, eu traio fotos se queren velas, non traio da comida, pero traio destos, para explicarlles un pouco de como vai este tema, porque foi complexo para min, imaxínese para a maioría dos cidadáns de Barbadás e de todos vostedes que non saiban ó mellor, porque eu tiven



que estudalo, eu non sabía de que ía, e o recoñezo. España entre os países máis beneficiados as principais conclusións neste estudo Español os resultados de análises europeo anteriores como o da Fundación Bertelsmann encargado pola Comisión europea. Este estudo tamén prevé que España sexa un dos países nos que haberá un maior incremento de renda per cápita ó longo prazo. Intercambios comerciais de investimentos, outro dos estudos de impacto encargados pola Comisión é que as exportacións da Unión Europea cara Estados Unidos aumentaría un 28%, podo seguir lendo. Para as empresas aumenta a competitividade das PIMES, ofrece oportunidades de traballo e negocio internacionais, se eu lles leo todo istok, todo o que vostede leu non ten nada que ver, hai que lerlo no sentido positivo, e vostede leuno no sentido negativo, todo é darlle un enfoque, de como lle dixen antes coa moción anterior da liña fría, de poñer á xente en pé de guerra e iso é o que vostedes están facendo, tanto o grupo Podemos coma nós, como vostedes perdoen, e eu non estou de acordo con nada disto, estou anonadada neste Pleno hoxe, con mocións que realmente terían que estar abaixo xa só pensando nos cidadáns que non quixeron estas asociacións, non queren esta ordenanza e vostedes seguen r que r, miren de verdade, eu se estou gobernando e oio todo o que estou oíndo na rúa, e agora con todo isto, eu se quero léollo de pe a pa para que a xente entenda, pero creo que é aburririlles como nos aburrimos anteriormente durante catro puntos. Grazas.

O sr. Fírvida toma a palabra: Non se preocupe señora Consuelo Vispo vostede xa estivo gobernando oito anos, e a cidadanía deste Concello púxo a dese lado así que non se preocupe.

Prodúcese un breve debate entre o señor Fírvida e a señora Chelo Vispo.

Eu creo que o que nos propón a oposición o Partido Popular é unha visión moi reduccionista da actividade política, mire nós estamos en Barbadás representando a soberanía popular é así, e representamos a soberanía popular en todo o que nos concerne ás nosas vidas persoais, as nosas e ás das nosos conveciños, tamén as repercusións que vai ter, os tratados de acordos comerciais a nivel internacional e vostede outra vez se fai voceira se fai comercial do peor neoliberalismo económico mundial, se fai vostede voceira das grandes empresas transnacionais do gran mercado e do gran capital internacional que son o que van a imposibilitar que as empresas a nivel local se poidan desenvolver que se poidan desenvolver lexislación a nivel local ou autonómico, porque as lexislacións verán determinadas polos acordos internacionais incluso en materia de xustiza, é un sistema de privatización á xustiza posto que os propios acordos negociados na Unión Europea ten vostede razón que polo Partido Popular Europeo, polo Partido Liberal Europeo e polo Partido Socialdemócrata Europeo, eu tamén sei andar en internet e tamén sei quen aprobou isto no Parlamento Europeo



recoñecen que estaremos sometidos en lexislación en materia de xustiza ós acordos internacionais e polo tanto, un xulgado ou a lei de ámbito nacional, estatal, ou local, non podería intervir nun conflito de intereses comercial cando polo medio vese unha gran empresa transnacional, iso é o que vostede non di, vostede aquí ven a lernos informes que lle pasan dende o Partido Popular e si ben, primeiro sobre a liña fría e agora ben a ler os informes sobre isto, isto supón un ataque ás liberdades, un ataque á soberanía nacional, tanto que vostede defenden a unidade do Estado Español deberían estar encomodados con estas normas, porque supón un ataque a que o pobo español, o pobo galego, e o pobo da provincia de Ourense, de Barbadás, poida definir o seu propio futuro con leis democráticas, porque nos vai vir todo imposto polas grandes transnacionais.

O sr. Alcalde toma a palabra: O Partido Socialista presentou diversos concellos esta moción tamén apostamos por ela, entón digo iso porque fixo referencia ao Partido Socialista, e dicirlle en relación a súa intervención, ten a mala sorte vostede de que falou da Fundación Bertelsmann, eu pecho a intervención non tivo dúas intervencións xa?. Perdón. Interveño agora en non interveño despois, ten a mala sorte vostede de que eu vivín a 13 quilómetros onde está situada a Fundación Bertelsmann en Alemania, ese é o que é, pero eu vivino de cerca a 13 quilómetros non creo que vostede non estivera e que eu tamén a coñezo perfectamente, é unha gran empresa que produce libros fundamentalmente así, pois que estamos falando de informes feitos a propósito por empresas que se ven favorecidas precisamente por estes convenios e por estes tratados eu non teño nada máis que dicir. Ten vostede os 3 minutos que lle corresponden.

O sra. Vispo toma a palabra: Señor Tenente Alcalde, sei perfectamente onde estou neste momento na oposición, pero non o que vostede acaba de dicir, senón que a vostedes deulles a gobernabilidade o Grupo Mixto, como que non? a gobernabilidade acábanlla de dar vostedes, están en minoría pero realmente déronlle a gobernabilidade. Vamos a ver o grupo máis votado e que quede claro é o Partido Popular e vostedes como di vostede, eu estou adaptada á oposición, mire eu non lle interrompín, vamos a ver, eu estou na oposición e sabemos o noso grupo que durante catro anos vamos a estar aquí, perfectamente e vamos a seguir defendendo e sumando ós dereitos dos cidadáns de Barbadás, pero vostede non diga o que acaba de dicir, vostede ten que saber que está directamente no grupo de goberno, non siga na oposición, non mire para atrás siga para adiante, vostede segue vivindo na parte traseira aínda, e iso é o que non fai que siga avanzando este grupo de goberno. Mire señor Alcalde, voume a dirixir a vostede porque directamente o voceiro socialista, vostede dicía antes que foi a nivel Europa, non, no debate que houbo cando houbo ás eleccións, nas eleccións xerais o voceiro do Grupo



Socialista neste caso o señor Pedro Sánchez defendeu este tratado, e está gravado, ou sexa isto quere dicir que tanto o seu representante aquí, en España defendíao, despois o voceiro socialista de economía Juan Moscoso Del Prado creo que vostede o coñece demostrou que este acordo pode xerar moitos beneficios no emprego e na renda, despois segundo a europarlamentaria Inmaculada Rodríguez a representante socialista recalca a importancia xeopolítica do proxecto máis alá de cuestións puramente económicas, podo seguirlle lendo e isto non mo pasou o partido a min, fixeno eu soliña apoiada coa miña xente, co meu grupo, cos meus concelleiros, e o que si lle deron o grupo que está aí sentado é esta moción, entón sigan traballando directamente polos cidadáns de Barbadás, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Unha cuestión volveuse a dirixir a min, nós representamos ós veciños de Barbadás, ós veciños e veciñas de Barbadás, e trasladamos ás súas inquietudes polo tanto facémonos eco desas inquietudes sempre e cando as consideremos xustas, neste caso considerámolas xustas, é unha plataforma cidadá e punto e final, non hai máis exactamente, máis nós os grupos. Votos a favor da moción, votos en contra, abstencións.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto, as abstencións de Democracia Ourensana e os votos en contra do PP o seguinte acordo: “ **Moción do Grupo de Goberno de Barbadás para declarar Barbadás concello oposto aos tratados de libre comercio: 1. Declarar ao Concello de Barbadás como municipio oposto ao TTIP, TISA, CETA, EPA e aos Tratados de Libre Comercio que negocia na actualidade a Comisión Europea, así como a todos os mecanismos de arbitraje e cooperación regulatoria que nestes e noutros tratados se imponen en detrimento da democracia, o ben común e os dereitos e liberdades das persoas e os pobos.**

2. Solicitar ao Goberno de España, así como aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento Europeo, que se opoñan á aprobación do TTIP, o CETA, o EPA e o TISA, e de todos aqueles Tratados de Libre Comercio que contraveñan os principios de xustiza social, económica e ecolóxica, que non sexan desenvolvidos de maneira pública e transparente, e que vaian en detrimento da democracia, a soberanía popular, o ben común e o interese xeral.

3. Instar ao Ministerio de Economía a que solicite que se faga pública toda a documentación en relación ao tratado, con base no Regulamento 1049/2001 da Unión Europea. 4. Solicitar do Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do TTIP. 5Dar traslado deste acordo aos Gobernos de España e de Galicia e a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, do Parlamento Galego e do Parlamento Europeo, para que se rexistre e quede



constancia do mesmo.”

10- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Ó TEMA DAS PISCINAS.

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día é a moción de Democracia Ourensana relativa ó tema das piscinas.

A sra. Jácome toma a palabra: Esta moción preparouna a miña compañeira Fina Varelas e con motivo da súa indisposición pois eu creo conveniente que xa que ela a traballou pois que ela a defende no seu momento cando chegue e cando se restableza. De acordo?. Se vós estades de acordo e podemos pasala, pódese facer?

O sr. Alcalde toma a palabra: Se vostede solicita a retirada

A sra. Jácome toma a palabra: Si solicito a retirada así será ela quen a defende.

11- MOCIÓN DO PP SOBRE A SOBRE A CREACIÓN DO “CENTRO DE DÍA EN BARBADÁS”

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó seguinte punto da orde do día que é a moción do Partido Popular sobre a creación do centro de día en Barbadás. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Os “centros de día” son unha gran oportunidade de socialización, entretemento e coidado profesional para as persoas maiores. Coa xubilación chega o tempo libre e ás veces é difícil ocupalo si sobre todo se se sofre un pequeno achaque, unha boa solución é acudir ós centros de día, uns espazos destinados ó ocio e coidado dos adultos maiores nos que se ofrece un programa de atención específico integral para cada persoa poida levar a cabo as actividades da rutina diaria do centro. Este plan de atención personalizado acorda entre o equipo do centro, a familia e o propio usuario, ademais a principal característica é que o seu funcionamento está delimitado por un horario específico durante o día co que acoden a durmir a caso, é por tanto unha solución intermedio que busca o equilibrio entre a autonomía do que disfrute no fogar coas axudas que ofrece este recurso social. Os centros de día están indicados para persoas maiores válidas, ou con niveis básicos ou moderados de dependencia aínda que tamén hai centros de día especializados por exemplo coa atención de usuarios con demencia, alzheimer. Os obxectivos dos centros de día son proporcionar un entorno preventivo no que se busca potenciar a autonomía mediante o traballo, profesional dende unha disciplina social e sanitaria, pódese atopar nos centros de día dúas modalidades asistenciais, a óptima e



a parcial na primeira a persoa permanece no centro durante a xornada e a diario e é axeitada cando o grado de dependencia é medio e se require con maior coidado, a segunda a parcial se caracteriza pola que se organiza o horario e a asistencia xa que a autonomía é moito maior. Tipos de centros de día segundo a súa titularidade. Normalmente estes centros clasifícanse segundo a súa titularidade, é dicir, segundo quen ou quen controlen a dirección e a xestión. Isto fai que unha persoa maior que queira acudir a un destes teña que completar diferentes trámites segundo o centro elixido, así podemos distinguir entre centros de día públicos, concertados ou privados. Centros de día públicos, aqueles dependentes dos diferentes gobernos autonómicos, neles o acceso ven dado por uns requisitos entre os que destaca habitualmente unha idade mínima de 60 anos, salvo casos especiais, estar empadroadado, antigüidade variable do xerente, municipios e provincias, ou comunidades autónomas. Ademais existen un baremo de puntuación que depende do grado de dependencia, o ingreso nun centro de día público faise seguindo as indicacións oficiais, e se concede segundo a proximidade á vivenda do futuro usuario, iso é moi importante, proximidade á vivenda do futuro usuario. Existe a posibilidade doutro destino é xustificar para elo hai que presentar unha instancia documentada. Centros de día concertados, aqueles con xerencia privada, que son subvencionados con fondos públicos. E logo os centros de día privados se sosteñen cos seus propios ingresos e con xerencia privada. Aquí non temos centro de día en Barbadás entón a moción que traemos hoxe é a través ata que poidamos ter centro de día que por motivos xa sei o que me vai dicir quen defenda esta moción do Partido Popular no grupo de goberno, é que durante 8 anos eu non vou falar para atrás non tivemos centro de día, centro de día que non puidemos ter pois por motivos de crise de que non había diñeiro porque non se puido facer no seu momento, eu son consciente de que a administración ten que axudar tamén a Barbadás tamén neste momento para ter o seu propio centro de día en Barbadás, de momento nós o que traemos é unha moción temos un centro de día privado que todos que case parte dos que estamos aquí no grupo de goberno e oposición cando se fíxo a inauguración dese centro fomos, ou sexa nolo ensinaron e vemos que as características con idóneas para que moitos dos nosos usuarios que neste momento tivéronse que desprazar a outros como Toén pois poidan estar nese centro de día. Fixemos os deberes coma sempre a través temos todas as posibilidades de que neste momento a Xunta ao non ter ningún centro de día poida concertar unhas prazas con ese centro privado, x prazas eu non digo porque o que pedimos nesta moción é que os servizos técnicos sexan os que digan as prazas que teñen, ou sexa os usuarios que están pendentes ou que teñan esa necesidade de acudir a un centro de día e poidan optar a través destas prazas concertadas ó que teñen aquí en Barbadás, eu creo que sería unha medida, creo



que moi boa para esta xente que se tivo que desprazar ó de Toén que é o máis próximo, e que todos sabemos como está ese centro de Toén ben atendido pero que está coas prazas totalmente ocupadas neste momento, incluso hai xente que se lles desprazaron a outros centros porque hai moitos usuarios, entón o que propoñemos é que o grupo de goberno faga pois a solicitude á Xunta desas prazas concertadas sempre a través dos servizos técnicos, sempre mediado e a través da xerente do centro privado para que moitos dos usuarios que estean hoxe pendentes nesa lista de espera ou que non estean nesa lista de espera pero o centro creo que é o axeitado e que realmente a atención dito por usuarios e técnicos deste Concello que lle preguntamos que saben que hai persoas usuarias agora mesmo neste centro privado e que están, que sinceramente están sendo perfectamente e cunha comodidades que ó mellor noutros públicos non hai, e o que realmente di o meu compañeira que isto non suporía ningún gasto para o Concello, isto que quede claro, é dicir ao solicitar o Concello á Xunta as prazas concertadas para este centro privado de momento ata que se teña o que hai solicitar á Xunta a outra administración que poidamos esas prazas sen ningún conste para o Concello. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Vaia por diante dende a nosa iniciativa sempre propuxemos que o máis urxente para Barbadás era un centro de día, e unha gardería municipal son as dúas infraestruturas que a día hoxe son máis necesarias, e que a Xunta de Galicia ten que acometer para iso, nós propuxemos unha mesa para que o goberno sea o Concello de Barbadás puxera canto antes terreos a disposición da Xunta e se acordara a situación do centro de día para que a Xunta o máis pronto posible nos dote dun centro de día tan necesario en Barbadás, que é un vergonza que a día de hoxe non o teñamos. En relación á moción que presenta o Partido Popular os acordos estamos de acordo porque mentres non temos ese centro de día teremos que buscarnos a vida como poidamos, e todo o que sexa mellorar a situación dos nosos maiores e vómola a apoiar, engadiríamos ademais dos dous acordos que veñen aquí é unha moción unha moción que nós presentamos se se lembran en novembro e que era para a creación dun taller de encontro para eles, é un pouco por ampliar a súa moción porque é relativa soamente a A Valenzá e se se acordan vostedes daquelas presentamos a moción sobre o taller de encontro para eles que era para o tema da socialización pero no resto das parroquias do Concello, nela instábase ó goberno a executar un plan para realizar esta actividade de socialización nos centros sociais, no local social de cada parroquia do Concello e pedíasele ó goberno que se puxera en contacto coas asociacións de veciños de cada parroquia para elaborar un listado de persoas que solicitaran e os recursos que as asociacións puidera achegar, e a temporalidade dos servizos serían



dous ou tres días por semana, dúas horas cada día nas distintas parroquias do Concello, entón estamos de acordo esperemos que o goberno tome nota desta situación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Julia Pérez.

A sra. Jácome toma a palabra: Democracia Ourensana apoia incondicionalmente.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Serafín Núñez.

O sr. Núñez toma a palabra: Direi en primeiro lugar que me parece absurdamente dunha desvergoña absoluta que o Partido Popular veña hoxe aquí con esta moción cando por culpa da súa xestión ó longo de tantos anos neste Concello vostedes non se adheriron ó consorcio galego da Xunta e evidentemente estamos na situación que estamos por a súa negligencia e pola súa falta de adhesión a este consorcio galego que efectivamente nos puidera permitir hoxe poder estar disfrutando duns servizos que non temos como pode ser por exemplo o centro de día público. Vostede xa o dixo, vou ir un pouco por aí, que efectivamente lle debera dar vergonza que despois de 28 anos neste Concello e algunha de vostedes das hoxe Concelleiras do Partido Popular con dúas lexislaturas nos órganos de goberno e semella que agora queren arranxen dun plumazo que vostedes se esqueceron durante tanto, e tanto tempo, e vou a votar un pouco a vista atrás ó mellor que algún ou algunha lle poida parecer pero é que evidentemente estamos onde estamos porque tivemos un pasado político nefasto na xestión deste Concello, me parece que ó Partido Popular non lle interesa cando falan os demais. Estou na miña quenda de palabra e eu non interrompo a ninguén cando os demais falades. Simplemente falar que nos distintos planeamentos urbanísticos se falamos de normas subsidiarias, se falamos de distintos PXOMS nunca se reservaron infraestruturas para un centro de día público no Concello de Barbadás, é dicir, que o temos hoxe aquí neste Concello e grazas ós locais públicos que temos son grazas ás cesións que nos fixeron nos construtores nos baixos das edificacións algo que lle esixe a lei e é o único evidentemente que temos porque vostedes sempre miraron para favorecer o privado e sempre se esqueceron do público así estamos onde estamos e non vou entrar en moito máis. E dicir que deberan avergoñarse das súas políticas de recortes na administración galega e estatal xa que dende o ano 2009 vostedes deixaron esmorecer o consorcio galego, xa que era un logro do anterior goberno galego PSOE-BNG na Xunta de Galicia e así como fixeron con outros temas, se falamos de galescolas que vostedes absolutamente xa transformaron en galiñas azuis, non fora ser que fóramos aí a comer ós meniños que era co que pouco menos que vostedes dicían que iamos a esixirlle que efectivamente os meniños xa de 0 a 3, entón transformamos en “la gallinita azul”. O PP na Xunta creou a axencia galega de servizos sociais que pretende evidentemente abranguer o relacionado coas escolas infantís e



cos centros de día entre outros temas de servizos sociais, pero digamos que cos recentes cambios nas consellerías o non Conselleiro xa parece que renuncia á disolución do Consorcio galego e isto dende logo pois se transluce nas últimas reunións que ten mantido con representantes da FEGAMP. Debera apuntar aquí que coas recentes modificacións que se ten establecido na lexislación implicarían que nun prazo de 4 anos moitas das competencias que hoxe temos os concellos en materia de servizos sociais pasasen a pertencer á Xunta de Galicia, pero tamén apunto que efectivamente que o Tribunal Constitucional ven de anular determinados apartados legais porque establecían estas cuestións principio temos que entender que estas competencias seguirán asignadas á Administración Local. O plantexamento que temos que facer nós evidentemente é o seguinte, é dicir, temos que mirarnos loxicamente en augas limpas como poño por caso o Concello de Allaríz cun centro de día público con cociña propia, con comedor sobre rodas para a atención á súa veciñanza que o precisa, situado nun contorno, nunha zona verde rodeado de arboreda iso é seguramente o espello é o bucólico, pero aquí non temos hoxe non temos aquí esa situación grazas a vostedes e ás desfeitas urbanísticas como dixen xa no seu momento dos distintos planeamentos urbanísticos que vostedes desenvolveron en 8 e en 28 anos para atrás que sempre se esqueceron como dixen antes do público. Na comisión informativa a semana pasada xa o señor Alcalde que en determinadas reunións coa delegada da Xunta coa señora Marisol Mouteira a necesidade de contarmos en Barbadás coa necesidade dun centro de día, e dicir que efectivamente o noso traballo e a nosa posición evidentemente é moi clara e para procurar ter uns terreos que hoxe non temos no planeamento que o Partido popular nos deixou e reservalos para este fin ou ben conseguir un edificio que nos permita pór a disposición da Xunta para a construción desta infraestrutura dicir que a día de hoxe xa o comentamos na Comisión informativa a semana pasada dende os servizos sociais deste Concello estamos traballando co centro público de Toén que funciona sitio acaído, solicitando para petionario que o solicita unha praza cunha axudas económicas a través de dependencia, e ben remato dicindo que con respecto ós acordos que nos traen hoxe na moción en principio vamos a votar a favor, vamos a estar de acordo coas propostas que nos traen, e sempre entendendo que sería a Xunta en colaboración cos técnicos municipais e coa dirección do centro de día privado quen decidise o número de prazas públicas e privadas, e evidentemente pagando a Xunta o custe das prazas e sempre que o Concello como se comentou na Comisión non se ocasionase gasto algún.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas ten a palabra a voceira do Partido Popular

A sra. Vispo toma a palabra: Creo que teño que dar as grazas por apoiar unha moción do Grupo



Popular. Vamos a ver, sigo dicindo que viven no pasado, deixen o pasado, deixen o pasado, estamos na oposición, vostedes están no grupo de goberno e poden facer o que queiran sempre coa oposición seguindo os seus pasos, pero cando traemos unha moción por iso lle agradezo que loxicamente o vote porque a ver como se ía presentar ante a cidadanía de Barbadás dicindo que non a algo que realmente ó Concello non se supón gasto, por iso traemos esta moción aquí, porque ata que teñamos o centro de día, porque si que hai un local que o saiban as persoas que están aquí, hai un local que si pode servir para ese centro de día e que se podería se o Grupo Popular estivera agora mesmo gobernando se podería poñer a disposición da Xunta e está detrás das oficinas, vouno a dicir, detrás das oficinas que ten o Concello en A Valenzá, hai alí un espazo que si se podería adecuar ao centro de día, entón o que si estou dicindo que as mocións que trae o Grupo Popular non pensa, se nós mire, nós podemos tirar 8 anos para atrás xa non lle vou dar 28, 8 anos para atrás de todas as mocións que vostedes trouxeron, e a cidadanía quedaría pasmada porque son da liña das que traen marco, é dicir, das que presentan de algo que realmente pois que non, que para os cidadáns de Barbadás non lle viría nese momento non como agora que traemos a do centro de día. Pensamos nos cidadáns, pensamos en que hai que sumar en que o Grupo Popular está aquí e está votado coa maioría, de 1.800 votos non coma outros que xa baixaron nas segundas eleccións votos, pero non me refiro a ningún xa para non dicir nada máis. Entón 1.800 votos fannos que teñamos que facer os deberes aínda que vostedes non digan que non, non como agora que llo agradezo, o grupo noso vaillo a agradecer, pero máis os cidadáns de Barbadás.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: O que está claro é unha cousa é que a día de hoxe seguimos carecendo de centro de día é polo que se ve aquí, a cousa vai para largo. Por iso nós propuxemos unha mesa para sentarse e mirar e decidir dunha vez onde nos convén o centro de día e canto antes solicitarllo á Xunta porque senón volveremos cometer os erros do pasado, volveremos meter o centro de día como acaba de dicir a señora Chelo nun baixo que eu que me perdoe pero un centro de día de Barbadás nun baixo vostede viron o centro de día de Toén, que Toén teña un centro de día como o que ten e que nos metamos A Valenzá un centro de día de Barbadás con dez mil e pico habitantes nun baixo dun edificio, é que iso non haberá terreos onde buscar o Concello para poñer un centro de día o mesmo digo cando sexa da gardería, entón urxe, urxe sentarse nunha mesa e debater isto sen meter a política por medio que nos importa é ter o centro de día canto antes, e ter a gardería municipal canto antes, porque son totalmente necesarios, estamos en abril de 2016 e aínda non hai nin a previsión nin hai nada feito entón pedimos que se faga canto antes ó goberno que tome a decisión dunha vez de facer



unha mesa e poñerse ó asunto canto antes, senón a Xunta vai seguir pasando de nós ata que se lle ocorra facelo e logo despois irá nun sitio onde non debe ir, a piscina irá detrás dun edificio tamén, porque miren a piscina de Toén e miren a de A Valenzá. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moita grazas. Señora Julia Jácome. Nada máis. Señor Sarín

O sr. Núñez toma a palabra: Moi brevemente, dicirle á representante do Partido Popular que evidentemente nós non vivimos no pasado, vivimos no presente e miramos cara ó futuro, pero evidentemente estamos onde estamos grazas ás súas políticas nefastas de favorecer determinados sectores privados, esquecéndose sempre do beneficio público, así se constrúe un centro de saúde onde se constrúe, nun alto dun monte, cando se puido reservar en zonas perfectamente axeitadas, se tiveran interese por defender ó público algo que nunca demostraron, vostedes demostraron outro tipo de interese polo baixo e oito alturas, por favorecer a construción, e por non reservar efectivamente os terreos acaídos, agora falan dun baixo, eu estoulle dicindo que estase plantexando, está estudando conseguir terreos atractivos que vostedes non deixaron pero uns terreos axeitados onde se faga un centro de día en condicións. Dicir que nós historicamente evidentemente nas outras lexislaturas sempre trouxemos neste sentido de favorecer ó público algo que evidentemente están noutra tesitura, sempre o estiveron. E con respecto o que di o voceiro do Grupo Mixto, dicir que efectivamente que claro que vai ir para largo porque a administración autonómico xa con centros de día que estaban aprobados que estaban rematado e estruturalmente hai anos aínda hoxe por hoxe non foron capaces de polos en funcionamento porque se atrasan absolutamente con todo porque, por esta razón absoluta porque non lle interesa ó beneficio da cidadanía, o beneficio público. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Chelo, vostede di que fai os deberes eu confío en que os siga facendo e dado que este goberno xa se reuniu coa señora Díaz Mouteira para reclamarlle entre outras cousas a posta en marcha, ou que aposte por Barbadás para a creación do centro de día, faga os deberes e entón presione sobre ela para que, digo que dado que fai os deberes, espero que os siga facendo entón dado que nós xa tivemos unha reunión coa señora Díaz Mouteira é unha das peticións que lle plantexamos foi precisamente esa a ver se o consegue, non quero que fale con ela tamén como falamos nós para insistirle neste asunto, nós faremos a nosa xestión, e aparte diso recordarlle que nós neste asunto os dous grupos que estamos no equipo de goberno durante 8 anos presentamos sistematicamente mocións polo centro de día, o centro de saúde, incluso un grupo non vou mencionar cal porque ó mellor pensa que me levo a auga ó meu muíño presentou unha situación concreta, si, lea ás mocións presentou unha situación, no mes de xuño, xullo do ano, hai 9 anos,



búsqueda, probablemente non era unha situación acaída pero presentouse unha situación, e dicirlle tamén, mire vostede propón agora a situación do centro de día nos baixos que están ó carón das oficinas municipais de A Valenzá, pois mire senón serven para a venda de bonobuses pois tampouco servirán para que alí se sitúe un centro de día. Procedemos á votación, votos a favor da moción do Partido Popular. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Moción do PP sobre a creación do “Centro de día en Barbadás”:** 1.- Instar ó Goberno de Barbadás a que xestione un número de prazas indeterminadas concertadas a través da Xunta de Galicia e do Centro de Día privado que hai en A Valenzá, baixo supervisión dos técnicos do Concello e da xerencia do devandito centro. 2.- Ou ben, subvencionar un número indeterminado de prazas cun convenio entre o Concello de Barbadás e o Centro de Día privado, supervisado polos técnicos de Servizos Sociais cunhas bases de acceso en función dos recursos das familias que o soliciten.”

12- MOCIÓN DO PP PARA HABILITAR UN CENTRO DE SOCIALIZACIÓN DOS NOSOS MAIORES.

O Sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día é unha moción para habilitar un centro de socialización dos nosos maiores. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Moción para habilitar un centro de socialización dos noso maiores. Dende o Grupo Municipal do Partido Popular de Barbadás somos coñecedores da morea de problemas que xurdiron nos últimos meses no local, propiedade do Concello, e que ocupa na actualidade a Asociación de maiores e pensionistas “Fonval”. Queremos darlle unha solución definitiva que se axuste ás necesidades reais, tanto dos pensionistas que compoñen a devandita asociación, coma tamén ás dun colectivo tan importante no noso municipio coma é o da terceira idade, e que non conta ata o de hoxe cun local común onde se lles poidan prestar servizos socioculturais e municipais axeitados. Os acordos é: Instar ó Grupo de Goberno de Barbadás a que realice os trámites e xestións encamiñados para que o local sito na Rúa do Ensino nº 11 de A Valenzá, se habilite coma “Local Municipal da Terceira Idade”. E segundo dotalo de persoal municipal necesario e cualificado para que os maiores de Barbadás poidan ter cubertas as súas necesidades, tanto psicosociais coma culturais, nunha única frase, “UN CENTRO PARA A SOCIALIZACIÓN DOS NOSOS MAIORES”. Porque traemos esta moción hoxe aquí, traemos a moción aquí porque realmente levamos uns meses



onde unha serie de problemas no local da asociación de maiores. Cando o grupo de goberno entrou o local ceduse, vamos a dicilo “ceduse” á asociación de maiores de FONVAL, o que pasou nese momento foi que a asociación de maiores de FONVAL deulle o bar, pois aí todos sabíamos que había dúas persoas do Concello anteriormente postos polo grupo Popular que atendían perfectamente ás persoas maiores da terceira idade, non soamente entraban os maiores da asociación de FONVAL senón que entraban todos os maiores do Concello de Barbadás que quixeran pois estar aí ou das actividades que se realizaban non tiñan que ser soamente persoas asociadas ó que era a FONVAL, iso é o que queremos que volva agora mesmo, é dicir, hai un colectivo de persoas nesa asociación e non nesa asociación senón xa fóra de que nos están pedindo que ese local volva a ser xestionado polo Concello, é dicir, que ese centro de maiores non sexa cedido porque vamos a dicir, cedido, vamos a dicilo a si que non é forma axeitada como o fixo este grupo de goberno, supostamente, porque realmente o que non se pode ceder é un local municipal e despois que a cafetería que estea alí se lle dea a unha persoa privatizándoo a unha persoa sen sacalo a concurso, todos o sabemos, o grupo Popular se quixera leña deste lume xa o faría pero non o fixemos porque entendemos que pois hai persoas que non teñen por que pasar por estes, polo mal facer do grupo de goberno, vamos a dicilo así, hai persoas que estiveron rexentando ese bar que non teñen culpa ningunha, iso tiña que haberse sacado a licitación e non se sacou, entón, despois houbo un cambio de presidente na asociación que non o vamos a meter aí, a asociación funciona por si soa, pero si dentro dese grupo e xa digo persoas que fóra que máis ou menos trouxemos en anteriores Plenos un escrito para que volviera ese local a pertencer, que o Concello o collera e que fora o local da terceira idade, pero para todos os maiores que é un colectivo moi grande que temos neste Concello e que realmente neste momento non está atendido axeitadamente. O xoves na Comisión informativa dicíanos o Concelleiro que leva este tema de servizos sociais que si que non hai ningunha queixa, vamos a ver, nós vostede sabe que tivo unha reunión con un grupo de persoas á cal non nos deixaron asistir, pero ese é outro tema onde le dicía as inquietudes que tiñan e pois o servizo de limpeza facíao a asociación grazas a Deus agora fano o Concello a petición deles, e sempre nos apoiamos por detrás, é un grupo grande, a vostedes foron un grupo reducido que falan por boca de 40 e 50 persoas que están dentro da asociación sigo insistindo e fóra que queren un local para a terceira idade, hai moitas persoas neste Concello que saben que ese local social é a súa segunda casa, que viven soas dixeran na Comisión informativa o outro día que saíu un programa na televisión, no telexornal, non me acordo exactamente onde din que hoxe a poboación maior moita delas viven sós, e que ese local para eles aquí en Barbadás sería a súa segunda casa, onde



pois hoxe non veu fulanito a xogar ás cartas, pasaralle algo, eu creo que aí realmente poden estar controlados se lles necesitan ou se están enfermos pois moita xente da que está alí, pódelle votar unha man incluso as persoas que o Concello poría a cargo dese local poderían controlar pois un pouco ás persoas que alí están, refírome non controlar do que fan, senón realmente pois que teñan os seus últimos anos de vida estean axeitadamente sobre todo nese Concello, creo que estamos o grupo goberno, pasando por alto que a terceira idade neste momento aquí está desatendida, a asociación FONVAL fai

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Vispo ten a segunda quenda vamos en 5 minutos 45 segundos.

A sra. Vispo toma a palabra: Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: A vostede.

O sr. Padrón toma a palabra: Aquí volvemos a mearar ou sexa sobre o que viña anteriormente, está clarísimo que Barbadás necesita un centro de día porque senón ó final á xente querémola meter nun local dunha asociación, ou nun baixo que non está agora ocupado e andamos coa xente maior de aquí para alá. Vamos o ver o local utiliza o FONVAL dende sempre e FONVAL pois a xente de FONVAL está contenta para nós as informacións que nos chegan están contentos e como teñen o local e a xestión que levan a cabo. Está claro que dentro das asociacións haberá xente que discrepe ninguén dicimos que non dicimos que non pero é sempre dentro do entorno privado da asociación, e non hai queixas de que o local estea funcionando mal, e con respecto ao segundo do acordo que di o de facelo para centro de socialización, pois iso nós en tal caso propoñemos que nos estatutos da dita asociación FONVAL que é a que utiliza o local se prevea dalgún xeito ó acceso ó local de persoas da terceira idade que non estean asociados que o poidan utilizar non sei se se podería facer. Agora sacar a unhas persoas e meter a outras non sei, aquí vendo este tema como se lía aquí é onde realmente ten sentido a moción que fixemos nós nos seu momento, de crear un lugar de socialización un par de horas, dous ou tres días á semana mentres non hai un centro de día pero en A Valenzá en Barbadás, en Piñor, en Bentraces, en Sobrado e para que se reparta por todo o Concello e en A Valenzá pois podería ser en outro baixo pero non sería unha especie de centro de día minúsculos repartidos por todo o Concello mentres non temos o gran centro de día, terá que ser un edificio só, e non metidos todos a rebolados nun baixo. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Pérez, Julia Pérez, Julia Jácome desculpe.

A sra. Jácome toma a palabra: Teríamos que ter un centro de socialización para os maiores,



teríamos que ter un centro de día, e que o que non sei se pide un convenio coa Xunta que entendín moi ben a moción, que é o que queredes, é un convenio coa Xunta, non, este. Nós vámolos a aprobar o centro de socialización de maiores.

O sr. Alcalde toma a palabra: Rematou. Señora Chelo Vispo por favor. Perdón, Sarín por favor.

O sr. Núñez toma a palabra: Fala da moción, na moción fala dunha morea de problemas que xurdiron nos últimos meses no local de FONVAL, eu teño que dicir que efectivamente xa o comentei na Comisión da semana pasada e isto é falso, non houbo os problemas se algún tipo de problema evidentemente se pode, pódese engrandecer, pódese facer o que se queira pero o que evidentemente o que se produciu en FONVAL eu xa o expliquei aquí en algunha ocasión e o que se produciron foron cambios substanciais sobre todos no persoal que vostedes tiñan alí, atendendo o local e que efectivamente este novo goberno entendeu que esta persoa, esta xente había que pola a traballar e digamos efectivamente a traballar e non a quentar unha banquetta que é o que teño dito aquí noutras ocasións para estar atendendo o local onde realmente non se estaba nin efectivamente facturando diñeiro nin facendo un traballo acaecido, polo tanto, e iso hoxe enténdeo a directiva de FONVAL e o entende a inmensa maioría dos socios de FONVAL que efectivamente as cousas son así e creo que iso non modestamente non, eu creo que efectivamente algo que é todo o mundo ten asumido menos vostedes, porque vostede interésalle seguir dando a murga perfectamente están no seu dereito lexítimo a facelo pero eu creo que a situación está absolutamente resolta, é dicir, e nós o que fixemos despois digamos por parte da directiva de FONVAL o que solicitou no seu momento pois foi unha autoxestión por parte da asociación para poder xestionar o bar nós non fixemos ningún tipo de privatización en cuberta, cedéuselle á asociación porque eles o solicitaron e eles deixaron a explotación a un socio a unha, eles fixeron unha autoxestión durante determinados meses, se vostedes falan de privatización falan do que queiran, realmente non é así, e hai documentación porque por certo nós si que facemos as cousas con documentación e con información palpable que se pode ver non como vostedes que preguntas calquera tipo de cuestión e o que había para atrás non se sabe, está no caixón de non se sabe onde, e nós todo documento que se faga está todo evidentemente, perfectamente, constatado entón eu entendo que efectivamente non hai ningún tipo de cuestión. Fala a voceira do Partido Popular, di que houbo unha reunión onde determinados socios e coa directiva co señor Alcalde e neste caso con este Concelleiro e que efectivamente o Partido Popular nesa reunión loxicamente non tiña nada a que estar, é dicir, vostede se quere falar de FONVAL fale agora aquí, que efectivamente pode facer, agora nunha reunión privada na dirección ou de socios dunha asociación con nós non ten que estar o Partido



Popular nin Rita, teñen que estar os socios ou a directiva que é quen ten solicitalo, quen solicitou a reunión non vostedes. Dicar que nós estamos evidentemente colaborando ca directiva de FONVAL como non pode ser doutra maneira e se teñen mantido reunións diversas e a colaboración é absoluta inclúe a limpeza evidentemente exhaustiva deste local, destínase unha partida orzamentaria importante superior á de anos anteriores e que se vai a gastar en cuestión de criterio non en cuestión en paxaros de cores ou cámaras de non sei que, que ó final como orzamentaban vostedes en orzamentos anteriores, é dicir, que se lles vai a dar un diñeiro para desenvolver as actividades concretas e estamos evidentemente pois afrontando os gastos inherentes ó local, calefacción, etc, custe cero, é dicir, eu creo que teñen absolutamente pois no local nun sitio pois privilexiado e a disposición efectivamente. Dicar que temos mantido en determinadas reunións coa directiva da asociación e onde efectivamente pois se procederá se hai que proceder a unha modificación estatutaria dos estatutos da asociación para efectivamente proceder a abrir este local tamén aparte dos socios ou non socios a toda a veciñanza, toda a xente da terceira idade do Concello sexa ou non digamos como non pode ser doutra maneira ó ser un local evidentemente municipal, e non teño que dicir nada máis simplemente dicir que como o traballo este está enfocado e está encamiñado vamos a votar en contra da moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Chelo Vispo.

A sra. Vispo toma a palabra: Meteuse en terreo confuso. A asociación non ten competencias no local, o local é municipal que o saiba vostede, eles non teñen por que cambiar os seu estatutos, vostedes decidirán quen entra nese local ou quen non, aparte, vamos a ver, se agora ven outra asociación de maiores créase no Concello de Barbadás, vostedes vanlle negar a entrada a ese local, porque entón eu vou a pedir que no local de Loiro poida entrar unha asociación que hai creada en A Valenzá, e non llo pode negar, é así, vale está dicindo de cambiar os estatutos é que non teñen por que cambiar os estatutos FONVAL, o que vostedes é que teñen que dicir é quen pode entrar nese local ou non que é municipal despois a privatización do bar, vamos a ver, para que a xente o entenda, un bar municipal e vostedes llo ceden a unha asociación que lle poñen a unha persoa alí para rexentalo, como se chama iso?, como se chama iso, no meu pobo de toda a vida chámase privatización, en primeiro lugar non o sacaron a concurso, que vostedes saben que o fixeron mal, por iso automaticamente cando entrou o presidente da asociación de FONVAL dixo isto fóra que está mal feito, e recoñeceuno publicamente na última reunión que tivemos, pero se non o queren recoñecer é igual. Despois a reunión que vostedes tiveron mire, se calquera das persoas que están sentadas aí, votáranos ou non, pídenme que vaia con eles a unha reunión con vostedes non son quen de prohibirme a entrada en



ningunha dependencia municipal, ou en calquera sitio onde eu teña que acompañar, ou calquera do concelleiros do Partido Popular, ou de calquera outro grupo que este aquí neste grupo de goberno, pode entrar en calquera dependencia municipal que le quede claro, e non fomos por educación, non fomos por educación, porque esa xente o que quería era que os acompañáramos e vostedes non botaran e dixemos non vamos a entrar no circo, porque somos respectuoso coa xente maior, iso foi o que fixo o grupo Popular quedarse atrás, pero sempre defendendo os dereitos da xente maior, sabe por que vimos e lle damos a volta ó FONVAL e vámolos a seguir facendo, digo a FONVAL non, senón ó local que queremos para os maiores, porque vostedes din que ten persoas alí quentando unha banquetta como vostede di, vostede non cre que as persoas da terceira de idade merecense que as persoas quenten a banquetta para atendelos, vostede está dicindo iso, non se preocupe que llo direi á xente que está alí, que teñen unhas máquinas de vending preciosas en vez de ter unha persoa que lles atenda, nós o que pedimos é un local para a terceira idade, non para que FONVAL que fai unha labor perfecta e da cal estamos encantados, e sigo dicíndoo estamos defendendo os dereitos das persoas maiores de Barbadás que o teña claro e todo o que fixeron ata o de agora se o fixeron mal, e vostedes sábeno, e que sexa a última vez e voulo a dicir así por imperativo legal porque aí está a Secretaria e o pode dicir, eu cando unha persoa, un cidadán me diga que quere ter unha reunión co señor Alcalde, co señor Concelleiro de Servizos Sociais, ou coa Concelleira de Cultura e quere que os acompañe vou a ir, ou calquera dos meus compañeiros, téñao claro creo que o podo facer, ela acaba de dicir que si, ou sexa, vostede é a última vez que me prohibe a entrada cun veciño de Barbadás a calquera dependencia municipal, polo que vostede acaba de dicir é porque vostede o di e vostede o di, e non, acabouse señor Sarín, vale porque xa ten contentos a todos os veciños. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señora Chelo Vispo. Señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Eu non sei que obsesión existe aquí con traer o tema do FONVAL a cada momento e meter a esta xente na disputa política, nós o que queremos dicir que é que a información de sempre foi que o FONVAL quixo que se lle arranxara unha serie de cousas, arranxáronse, nós preguntámoslle á directiva que había é máis o presidente que saíu o presidente que estaba hai un ano díxonos que perfecto que estaban contentos co que se lle fixo púxolle o local como eles querían nós alegrámonos de que fora así, e fixeron unhas eleccións nas que a directiva nova que saíu manifestounos que estaban contentos como se estaba levando o tema do local entón non entendemos estas disputas. Dicir tamén que se é certo o que di a señora Chelo de que se alguén se invita a unha reunión, se unha asociación ou alguén pide unha reunión co goberno, ou con quen sexa



nunha dependencia municipal e a nós se nos chama, a nós non se nos chamou esa xente polo visto só quedaron co grupo de goberno e chamaron ó Partido Popular, a nós non nos chamou ninguén, non sei se a Democracia Ourensana os chamaron, entón quero dicir que a nós, evidentemente se se nos chama a unha reunión nunhas dependencias municipais, e nunha reunión que teña co colectivo co grupo de goberno nós vamos a ir tamén aínda que nolo prohiban, neste caso non nos chamaron pois nin sabiamos da existencia desa reunión pero xa que sae isto aquí á palestra, nós queremos dicir que evidentemente iremos, e nada máis. eu creo que seguir con isto non sei, creo que non ven a conto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Jácome por favor.

A sra. Jácome toma a palabra: Nós queremos dicir, quero dicir que a primeira intervención de Chelo entendín ben os puntos da moción, que a segunda intervención que tivo creo que o teño claro e estamos de acordo, vamos a aprobar a moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Serafín Núñez por favor.

O sr. Núñez toma a palabra: Moi breve, é dicir, eu creo que efectivamente aquí o que hai ganas efectivamente é de marear a perdín nós o que fixemos é unha serie de cambios na atención do bar nese momento, onde evidentemente puxemos como dixen en varias ocasións o persoal a traballar, cando realmente entendíamos non estaban acometendo unha función acaecida e en todo caso vostedes falan de privatización falen do que queiran foi unha autoxestión, foi unha autoxestión que nos solicitaron dende a asociación e foi o que se lle concedeu a autoxestión do ata que eles tiveron a ben oportuno e decidiron que efectivamente deixaban de facer esa autoxestión do mesmo, entón pois é dicir, eu creo que efectivamente se lle está permitindo se vai a permitir efectivamente a entrada a todo tipo de persoal sexa ou non socios ou non do local, e que eu creo que dicir é gana de seguir un pouco enrolando e facendo porque é a súa política eu non teño ningún problema pero é dicir poden falan durante 4 anos, ou 10 ou 15 os que queira, eu creo que a situación está perfectamente reconducida e o local está pois desenvolvendo a súa serie de actividades onde se van a seguir fomentando cuestións e traballando no día a día ca asociación e nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Houbo dúas intervencións xa, polo tanto sométese a votación esta moción do Partido Popular, para a socialización, para crear un centro de socialización dos nosos maiores, votos a favor, votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a favor do PP e Democracia Ourensana e os votos en contra do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto o seguinte acordo: **“Moción do Partido Popular para habilitar un centro de socialización dos nosos maiores”**



13- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA A MELLORA DO SERVIZO DE OBRAS DO CONCELLO.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á moción do Grupo Mixto para a mellora do servizo de obras do noso Concello. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Queremos presentar iniciativas todo á vez que se incorporaron hai un mes á brigada de obras seis novas persoas a traballar como peóns, non así se mellorou en maquinaria e equipamentos. O noso Concello necesita dun servizo de obras que sexa quen de atender todas aquelas deficiencias e necesidades que se presentan no día a día. Somos un Concello con un peso importante de poboación, fortemente urbanizado certos núcleos e con multitude de pistas e camiños que precisan de atención a cotío. Polo tanto o servizo de obras debe ir en consonancia con todo isto tanto en medios humanos como materiais. por todo isto propoñemos a adopción dos seguintes acordos: 1. A adquisición dun camión grúa de tonelaxe medio para o transporte da maquinaria e dos materiais para as obras. 2. A mellora da nave do concello tanto en equipamento para os traballadores instalando vestiarios con baños e duchas en condicións como en capacidade de almacenaxe, que se pode facer. 3. Xa que tres dos vehículos de que dispón o servizo presentan deficiencias graves, propomos a adquisición dun vehículo pick- up pois ten capacidade para arrastrar o remolque, para o transporte da xente e da maquinaria de man. Consideramos que estas medidas son necesarias, moi necesarias no servizo de obras se queremos ter un servizo de obras óptimos e eficiente e sei do que falo. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Jácome.

A sra. Jácome toma a palabra: Democracia Ourensana vaise abster.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor ou señora voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Nós señor Padrón votaríamos a favor non temos ningún problema o que pasa, vamos a ver, eu non sei se coñece os presupostos deste goberno, entón creo que foron aprobados, non temos presuposto agora mesmo a non ser que eu hoxe cando entrei no Pleno pregunteille á señora Interventora agora mesmo non se encontra, unha das preguntas que levamos a última hora sería se xa se pode utilizar o remanente de tesourería, entón se realmente se pode utilizar o remanente de tesourería e isto sería “que se poda comprar con ese diñeiro”, entendo eu pois que realmente si estaría correcto pero realmente hoxe non temos ese presuposto para poder comprar toda esta maquinaria, isto tiña que haber vido anteriormente ós presupostos e estaríamos a favor de que realmente pois que xa quedara presupostado entendemos que realmente seis peóns e todas as persoas



que están en obras si realmente necesitan esta maquinaria, estamos de acordo, de feito pois por problemas económicos vostede sabe que non se puido comprar moita maquinaria na antiga lexislatura, entón realmente hoxe si se pode, pois a favor e vamos o grupo Popular a favor de que se compre todo este tipo de maquinaria, pero eu creo que hai que facelo antes de aprobar estes presupostos non agora, traer iso eu podo dicir que se monte unha piscina climatizada e me dirán todos, olé, pero realmente onde está o presuposto para montar esa piscina climatizada en primeiro lugar que xa non hai o terreo, pero se o houbera hoxe mesmo non hai presuposto a non ser que sexa duntas administracións, agora realmente eu dígolle a verdade, eu creo que para traer unha moción deste tipo primeiro hai que facelo antes dos presupostos, quero entender, estamos de acordo, vale, que todo o que se compre para mellorar toda a atención dos cidadáns de Barbadás está correcto o Partido Popular vaino a apoiar, pero sempre con cabeza, ou sexa, primeiro antes hai que facer os deberes e despois traelos. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas. Pois ben a mellora das instalacións destinadas ó uso dos traballadores e traballadoras e do Concello foi un dos plantexamentos trasladados polo persoal case dende o minuto cero da toma de posesión do novo goberno. Estaba claro xa naquel momento que era unha petición que viña arrastrada de moitos anos atrás, en poucos meses o actual goberno deu os pasos oportunos para mellorar as condicións de traballo do persoal humano e tamén para incrementar os medios materiais, a finais de ano adquiriuse o equipamento necesario como un grupo electrógeno, un taladro novo, tamén se encargou a finais de ano un termo para a zona de lavabos e de duchas dos traballadores e traballadoras que prestan servizos para o Concello, e está claro que o plan de actuación está en marcha para mellorar as condicións, estabamos á espera da chegada do persoal contratado para acometer os traballos físicos de alicatado de amaño do habitáculo que agora existe e que estivo durante anos deixado á man de Deus. Tamén se farán en función das prioridades porque sen esquecer a comodidade do persoal municipal, consideramos que non se deben desatender as necesidades e urxencias da veciñanza, hai tamén meses que o persoal da brigada de obras fixo chegar ó goberno municipal a necesidade que existe tamén como ben di o compañeiro Ramón Padrón dun camión para mellorar a prestación do servizos, somos moi conscientes desta necesidade a compra dun vehículo e das características que propón o Grupo Mixto ou das plantexan os traballadores que non coinciden en todos os puntos pero está claro que é unha prioridade e xa anunciamos que teremos en conta e esta proposta en función da dispoñibilidade económica, como ben recoñecía a compañeira Consuelo Vispo, os cuartos son os que son. En menor medida aínda que recoñecemos que melloraría o servizo



estudaranse as posibilidades de adquirir un vehículo que dispoña da prestación de enganche a un remolque pero os números como dicíamos e repetimos todos os membros da corporación son os que son e cando falamos de diñeiro público non nos podemos saír da cuadrícula. Respecto ó remanente de tesourería dicir que en principio tal e como está a lexislación non se podería utilizar para comprar para facer compras que requiran un gasto de mantemento entón por agora tal e como está a lexislación non se podería destinar o remanente, pero en fin o que está claro é que nos vindeiros orzamentos recolleremos probablemente esta posibilidade e no que se refire da mellora do lugar onde, dos vestiarios e da zona de duchas farémolo en canto podamos, por suposto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Mire señora Chelo, nós estamos obrigados a traer esta moción porque consideramos que o servizo de obras necesita estas cousas, e consideramos que as necesitan para que fagan un traballo eficiente, necesítase un camión grúa para que os obreiros saian pola mañá ou a última hora do seu traballo e xornada anterior, e carguen todas as cousas que necesitan para o día seguinte, e non teñan que andar a dar voltas polo Concello cunhas furgonetas feitas unha pena, entón levan a area, levan o cemento, levan formigoneira, levan todo, entón faranos un traballo moito máis eficiente, necesítase un vehículo pick-up porque hai outras furgonetas ó final se se lle ocorre ó goberno tirar cas tres furgonetas e comprar outras tres cometería un erro, entón traemos aquí para que o goberno tome nota que se necesita un vehículo pick-up porque arrastra o remolque que se necesita un vehículo todo terreo para arrastrar un remolque e non unhas furgonetas que se lle queiman os embragues e para o transporte da xente, porque teñen 5 prazas e aparte maquinaria de man porque ten unha caixa onde se leva, entón con un vehículo pick-up suprimense 3 furgonetas ou en último caso só se necesitarían unha, entón nós temos a responsabilidade de dicirlle o goberno o que pensamos que se debe mellorar cando o diñeiro o permita. Logo hai cousas que o remanente de tesourería que si se poderán facer no que é na nave do Concello como é o preparar a nave para condicións almacenaxe de máis de almacenaxe de cousas que iso non teñen mantemento coma o do tema dos vestiarios, baños e duchas, entón hai cousas que xa se poden facer, e hai outras cousas que se se buscan o diñeiro hai esas modificacións ou eses transvases de diñeiro que tamén se poden facer, e aparte os presupostos logo se van vir, porque non sei se se dan conta pasan os meses voando, dentro de nada xa estamos cos novos presupostos entón esperemos que se isto algunha cousa de aquí non vai nestes esperemos que a poñan nos seguintes. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Jácome. Señora Chelo Vispo.



A sra. Vispo toma a palabra: Eu xa lle dixen que lle ía votar a favor, non sei se vostede o oíu. Vamos a ver se nós estamos de acordo, se o grupo Popular está de acordo o único que lle dixen foi que estamos en perfecto de acordo no que vostede trae aquí pero se o fixera antes, antes dos orzamentos xa poderían habelo deixado o grupo de goberno, e outra pregunta, vostede xa sabe que se pode utilizar o remanente de tesourería porque nós non, por iso mesmo entón vamos a ver, non o sei, vale a este paso non o sei, igual pasan os meses e seguimos aínda igual, vostede ben dixo que o remanente de tesourería pódese utilizar para facer, para arranxar o que é a nave onde está a maquinaria e os vestiarios todos estamos de acordo, se lle estou dicindo que estamos a favor, o que non vaia contra nós, ten que ir contra o grupo de goberno, nós estamos na oposición e non lle mandamos nada, que o saiba. Señora Morenza vamos a ver, vostede falou e o acaba de dicir non sei consciente ou inconscientemente que estaban esperando a por ese persoal, eses 6 obreiro e nos ten que entón non está dando a razón que ata agora era moi complicado, anteriormente e agora, a que Barbadás puidera ter os servizos axeitados en canto a obras. Vostedes sabían perfectamente que nós por a lei tal como está non se podía contratar persoal ou sexa durante 8 anos estivemos atados de pés e mans, fixemos o posible e sigo dicindo que estaba moito mellor que agora con 6 persoas que teñen a maiores, neste momento, entón o que si tanto di, e tanto alardea de que sempre nos preguntou polo plan plurianual, estamos esperando a que vostede nos dea esa plan plurianual que xa llo preguntamos tamén ó final nas cuestións que traemos ó final do Pleno. Recoñeceu que Barbadás tiña problemas de persoal e que non se podía contratar por lei, entón o que si agora que ten ese persoal non ten presuposto como se come iso, está pagando a un persoal que realmente non pode facer as obras, perdón que me ría, aquí o meu compañeiro faime rir. Vostede conscientemente recoñeceunos que non podíamos facer outra cousa. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: As ironías do destino lévanos unha vez máis a dicirlle e lembrarlle o Partido Popular que vostedes tiveron oportunidade orzamento tras orzamento a realizar traballos na nave da brigada de obras, na nave de almacenaxe e de vestiarios para os traballadores tiveron antes dos presupostos antes dos presupostos puiderono facer, durante 28 anos puideron recoller, vostedes puideron recoller a posibilidade de levar a cabo unhas obras de alicatado de amaño do lugar, non o fixeron e agora dinlle ó compañeiro que fai unha proposta en construtivo que o faga antes dos presupostos, por favor, tiveron 28 anos para amañar o tema, non lle tiñan nin quentador, nós polo menos demos un paso, en menos de 6 meses xa compramos un termo, demos moitos pasos vostedes



non tiñan maquinaria e xa lle dixen que compramos varios elementos de maquinaria valorados en torno ós 1.000 €, estamos dando pasos e seguiremos dando, seguiremos tratando ós traballadores como se merecen e non como os tiveron vostedes durante 28 anos alí nunha nave.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Sométese a votación a moción do Grupo Mixto en relación á mellora do servizo de obras. Votos a favor. Abstencións.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PP, PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e a abstención de Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Moción do Grupo Mixto para a mellora do servizo de obras do Concello:**

- 1. A adquisición dun camión grúa de tonelaxe medio para o transporte da maquinaria e dos materiais para as obras.**

- 2. A mellora da nave do concello tanto en equipamento para os traballadores instalando vestiarios con baños e duchas en condicións como en capacidade de almacenaxe.**

- 3. Xa que tres dos vehículos de que dispón o servizo presentan deficiencias graves, propomos a adquisición dun vehículo pick- up pois ten capacidade para arrastrar o remolque, para o transporte da xente e da maquinaria de man.”**

14- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE AS FACTURAS DE LUZ E GAS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Grupo Mixto sobre as facturas de luz e gas.

O sr. Padrón toma a palabra: Con esta moción queremos propoñer ó grupo de goberno que inicie conversacións coas empresas subministradoras de luz e gas para asinar un convenio de colaboración para coordinar o pago das axudas ás débedas xeradas por subministracións de luz e gas. O acordo suporía que as compañías non suspenderían o servizo ás familias sen recursos. A administración local sería a que asumise o abono destas facturas, unha vez que o departamento municipal de Servizos sociais avalíe cada caso en particular. O acordo debe especificar a eliminación da pobreza enerxética e a obrigatoriedade dun informe previo do Concello naqueles casos nos que exista unha falta de pago. No convenio coas empresas subministradoras de luz e gas o departamento de Servizos Sociais avaliará as solicitudes dos clientes en situación vulnerable e o concello farase cargo da débeda en canto esta situación se constate. Durante o período de avaliación de cada caso as subministradoras de luz e gas paralizarán o corte de subministración durante tres meses, un tempo durante o que tampouco se cobrarán intereses de demora ou comisión sobre a débeda. Polo tanto o acordo é: 1. Instar ao Grupo de Goberno a iniciar conversacións coas empresas subministradoras de luz e gas para asinar un convenio de colaboración para que no concello non se lle corte a luz nin o gas as familias máis necesitadas, sendo



o concello quen se faga cargo desas facturas. Es resumen isto xa se fixo en algún Concello en Galicia, non é nada novo, conseguir firmar un convenio coas empresas subministradoras de luz e gas para que unha persoa que deixe de pagar a luz teña un tempo no que poda resolver a situación cos servizos sociais para conseguir coa partida que existe no Concello de emerxencias sociais se lle paguen eses recibos pero a compañía non leve a efecto o corte da luz e non que lle corten a luz esa persoa veña a pedirnos axuda a servizos sociais e mentres tanto estea sen luz na casa, entón simplemente era para que non suceda ese problema que é moi grave. Nada máis. Hai unha emenda do grupo de goberno a esta moción, non sei se, nós, o primeiro acordo é o mesmo é o segundo acordo, os Servizos sociais do Concello de Barbadás asesorarán, axudarán a xestionar as axudas establecidas para estes efectos dende outras administracións e analizarán cada caso individualmente para establecer axudas de emerxencias social en función dos informes técnicos perceptivos, pois estamos de acordo en incorporala sen problema ningún, que é o que dicimos só que non se puxo como segundo acordo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Substitúese o segundo punto por este.

O sr. Padrón toma a palabra: Non hai segundo punto, no acordo só hai un punto

O sr. Alcalde toma a palabra: Incorpórase. Ten a palabra a señora Jácome

A sra. Secretaria toma a palabra: Perdón, polo tanto se acepta o contido da emenda e queda incorporada automaticamente ó texto, e se vai a debater sobre elo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Jácome

A sra. Jácome toma a palabra: Si, Democracia Ourensana

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Quedaría o segundo punto, non?, tal como está aquí,

O sr. Alcalde toma a palabra: Está como no documento que tedes aí.

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos a votar a favor o Grupo Popular, entendemos que é unha moción marco tamén do Grupo de Compromiso por Galicia, todos saben que estao presentando nos concellos onde ten representación, entón creo que realmente estamos de acordo, aquí o que puña é que a organización galeguista presentara unha moción neste senso en todos os concellos galegos nos que ten representación, a iniciativa segue os pasos na xa aprobada no Concello de Lalín e gobernado por Compromiso por Galicia, onde o goberno municipal encabezado por Rafael Cuña e a empresa gas natural asinaron un convenio de colaboración para coordinar o pago das axudas e débedas herdadas pola de luz e gas. Para o Secretario xeral de compromiso por Galicia Xoán Bascuas se no Concello de Lalín se foi quen de chegar a un acordo con gas natural Fenosa, grazas a vontade política e o



talante negociador dun goberno nos demais gobernos galegos tamén podemos negociar coas empresas subministradores de electricidade. Vamos a votar a favor porque estamos de acordo aínda que é unha moción marco dun grupo político, estamos de acordo, non, vamos a ver eu podo dicir creo o que queira, vamos a ver, sigo dicindo que a ver trouxérono vostedes, e así como o do tratado de comercio non me parece normal para este Concello non é o foro, este si, por iso vamos a votar a favor, a ver se entende ben señor Padrón. Que si o vamos a votar a favor, entendo que aínda que sexa, sigo dicindo unha moción marco dun grupo político estamos de acordo que se leve a todos os concello en canto para mellorar ás familias con necesidades do Concello de Barbadás, sigo dicindo sigo dicindo que por iso vamos a votar, porque o grupo Popular vai a favor sempre de que as persoas máis necesitadas neste Concello estean amparadas anteriormente había unha partida de Servizos Sociais que xa o propio Concello cando unha persoa tiña problemas para pagar os seus recibos de auga de luz ou incluso tiña emerxencias sociais, facíase cargo contra esa nova partida, agora mesmo o que é gas natural pois se pode facer este compromiso de se poder ter tres meses paralizado esa corte de luz para que o Concello lle axude sempre cos servizos técnicos non temos nada máis que dicir, que estamos de acordo. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a Concelleira Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Está claro que rematar coa pobreza enerxética é un dos obxectivos deste goberno, hai uns días e tendo en conta esta interesante iniciativa do grupo mixto xa iniciamos os contactos pertinentes para a firma dun convenio similar o asinado entre o Concello de Lalín e gas natural, está claro que todos e todas queremos que as familias máis vulnerables non se vexan afectadas por custes de subministro o acordo sobre o que traballaremos explicarémolo na segunda intervención o compañeiro Serafin máis polo miúdo, pasa por asinar con gas natural un convenio polo que durante un período de avaliación de cada solicitude tal e como se recolle na proposta que se pode fixar tamén como en Lalín en tres meses parálizase o corte do subministro e non se cobran intereses de demora ou comisións sobre a débeda como explicaba o compañeiro Ramón Padrón, polo cal imos votar a favor.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón

O sr. Padrón toma a palabra: Vexo que están todos de acordo e traemos unha moción porque é xa unha realidade nun Concello non é unha cousa que traíamos por traer, voulle dicir unha cousa se isto mo trae, se isto me chaman mañá vostede e me di que traía esta moción tamén a traio, non fai falta que ma manden de ningún sitio, mandan outras cousas e non as traemos porque non son prácticas aquí ó mellor non as traemos, traemos realmente o que interesa ós veciños iso para o que o saiba xa digo se



vostede ma chega dicir traería tamén.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Jácome. Señora Chelo Vispo por favor.

A sra. Vispo toma a palabra: Señor Padrón creo que non me está entendendo, vamos a ver que estou de acordo coa moción, estou encantada de que a trouxera. A ver señora Morenza outra vez o subconsciente le falla, vostede na Comisión Informativa os que estabamos alí, vostede recoñeceu que xa había unha partida e que todos os que estamos aquí estábamos nesa comisión vostede non sabía que había un convenio con gas natural no Concello de Lalín díxollo o señor Padrón, vostede non o sabía ou sexa que non diga que en días anteriores, se poría, poríase a traballar, perdón entendín eu mal, entón retiro o dito, é que vostede dixo anteriores, eu entendín anteriores, pois entón retiro o dito, pois perdón. Vamos a ver de todas maneiras nese momento

O sr. Alcalde toma a palabra: Vostede, lle terá que dirá que dicir nós

A sra. Vispo toma a palabra: Retiro o dito, dixen que cando meto a pata recoñézoo

O sr. Alcalde toma a palabra: Hai que distender, hai que distender un pouco

A sra. Vispo toma a palabra: Sabe por que pasan estas cousas, é que aquí os veciños non o entenden levamos dende as 19:30 da tarde aquí sentados, isto non é xa para unha persoa humana, senón para persoas que xa. Nada o que lle dicía señora Victoria ás veces hai que mirar para atrás e facer os deberes antes. Nada máis. grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Sarín ten a palabra.

O sr. Núñez toma a palabra: Brevemente, como evidentemente nós se aceptan a emenda houbo o grupo propoñente da moción, pois evidentemente nós estamos de acordo co sentido basicamente da moción e dicir que dende os servizos sociais efectivamente estamos establecendo tamén con respecto a temas da luz pois evidentemente informando á veciñanza que efectivamente está en situación precaria e está nos listados de inclusión social do bono social de Fenosa para familias con determinada potencia contratada, a subvención tamén do ticket eléctrico do Ministerio de Industria, determinadas axudas que establece, axudas de emerxencia de tipo social e que efectivamente os que non poden evidentemente pois entrar neste tipo de problema de proposta de medidas pois van evidentemente ó cota das emerxencias sociais que relatar que evidentemente que efectivamente o Partido Popular cando este goberno entrou no 2015 pois designaron 9.000 € que tivemos que facer unha modificación de crédito de 10.000 € para poder afrontar o ano 2015 porque non tiñamos partida orzamentaria dada a ridiculez da súa proposta orzamentaria do 2015, e que en fin nada máis, dicir que estamos de acordo



coa moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor da moción.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Moción do Grupo Mixto sobre as facturas de luz e gas: 1. Instar ao Grupo de Goberno a iniciar conversas coas empresas subministradoras de luz e gas para asinar un convenio de colaboración para que no concello non se lle corte a luz nin o gas as familias máis necesitadas. 2. Os Servizos sociais do Concello de Barbadás asesorarán e axudarán a xestionar as axudas establecidas para estes efectos desde outras administracións e analizarán cada caso individualmente para establecer axudas de emerxencia social en función dos informes técnicos preceptivos. “

15- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE O CAMIÑO DA CHOUCIÑA E A EXPLANADA A CARÓN DA AUTOVÍA ENTRE FINCA FIERRO E A PARADA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción sobre o camiño da Chouciña e a explanada a carón da autovía entre Finca Fierro e A Parada, presentada polo señor Ramón Padrón do Grupo Mixto

O sr. Padrón toma a palabra: Traemos aquí para que se pronuncie o Pleno de Barbadás sobre unha reivindicando histórica dos veciños e veciñas de Parada, Piñor. O camiño da Chociña que unía os lugares de A Parada coa Finca Fierro era a vía que dende sempre foi utilizada pola veciñanza para dirixirse a Ourense ou a A Valenzá a pé xa que é máis curto para coller o autobús urbano de Ourense na Finca Fierro. Na década dos noventa por todos é sabido que a construción da autovía das Rías Baixas anulou este camiño coa promesa inicial que aquilo íase resolver antes de rematados os traballos. Non sucedeu así o que provocou que a veciñanza de A Parada e arredores se mobilizaran en dúas ocasións paralizando os traballos da empresa construtora, coa intervención da garda civil seguido de imputacións xudiciais a algunhas das persoas que participaron nas mobilizacións. A Deputación Provincial de Ourense presidida naqueles anos por Xosé Luís Baltar mediou no conflito (hai documento de prensa) e comprometeuse de palabra a que o organismo que presidía construíse unha ponte que uniría o corte do camiño actual coa explanada onde se encontra o depósito da auga. Incluso se fixo o proxecto valorado en vinte millóns de pesetas daquelas. A promesa, por iso estamos hoxe presentando esta moción, non se materializou condenando á veciñanza a ter quedar unha volta de máis dun quilómetro pola estrada actual para baixar a Ourense ou á Valenzá. Ademais, hai un grande número de propietarios de fincas que non teñen un acceso digno e sen embargo pagan contribución ó Concello por estar en solo urbanizable, e cando falo de acceso digno digo que non pode acceder un



coche e pagando contribución, non existe nin ponte nin un acceso para acceder a pé, ou sexa absolutamente nada, quedou cortado aquilo nin unha vaia que pode baixar calquera día un xabarán e cáenos abaixo á estrada como xa pasou. Por todo isto propomos a adopción dos seguintes acordos: En primeiro lugar, instar á Deputación Provincial de Ourense a que execute a promesa que lle fixo no seu día á veciñanza construíndo a ponte ou acceso segundo o proxecto que se elaborou. En segundo lugar, e isto con relación á explanada que protestan moitos veciños polo tema de que non, alí vese que tiran escombros, e eles non teñen por onde votalos cos gastos que iso ocasiona, instar ao Goberno Municipal a solucionar o problema do vertedoiro de escombros que hai na explanada a carón do depósito da auga que afean o entorno e producen contaminación material e visual. En último punto instar ao Grupo de Goberno a elaborar un proxecto de adecentamento da explanada pois presenta unhas vistas privilexiadas de A Valenzá, Fonsillón, Finca Fierro e Ourense. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a señora Jácome.

A sra. Jácome toma a palabra: Vamos a votar a favor.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Nós tamén vamos a votar a favor da moción. O outro día quería facer unha pregunta á señora Morenza cando, se a vai defender vostede. O outro día na Comisión Informativa dixo que chamara á administración da Deputación e que non lle habían, vamos a ver, realmente queríamos saber que lle foi o que lle dixo, con quen falou despois aínda que non me digo o nome con quen falou e retomar ese tema despois xa lle comentarei os deberes que traio feitos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Sobre o camiño da Chouciña poderíamos contar unha longa historia, o camiño da Chouciña é dende anos un asunto de máxima prioridade para o Grupo Socialista, no 2010 presentouse unha moción instando ó entón Presidente da Deputación José Luís Baltar a cumprir o compromiso adquirido en 1998. Naquel ano 1998 unha representación popular esixiulle a Baltar un compromiso para facilitar o acceso dos veciños a través dun paso elevado ou unha solución similar para evitar que o camiño quedara inutilizado, nin José Luís Baltar nin o goberno anterior resolveron o asunto. A viabilidade do paso peonil foi plantexada tamén por esta que lles fala na Deputación tanto en sesións Plenarias como en Comisións informativas tanto na etapa de José Luís Baltar como a de José Manuel Baltar dende a Deputación José Luís Baltar só tivo durante os últimos anos boas palabras chegando a asegurar que encargara ós servizo de enxeñería da Deputación a busca dunha saída viable a este asunto, dende 2010 tanto a asociación de veciños como os grupos na



oposición naquel momento PSdeG-PSOE, BNG como agora os representante do Grupo Mixto, benvido o club compañeiro Ramón Padrón, seguimos agardando a chegada ou a visita do ansiado enxeñeiro da Deputación, o enxeñeiro non chegou a día de hoxe pero ante unha pregunta presentada por esta humilde Concelleira en 2011 na Deputación, recibiu unha resposta que poderíamos dicir imprecisa, palabras textuais “poderían analizarse outras posibilidades diferentes á solución da pasarela, unha das alternativas sería habilitar unha rampla ou instalar unhas escaleiras opcións que serían menos funcionais pero máis económicas”, quen mellor nos podería falar do asunto supoño que será a Deputación Consuelo Vispo, supoño que terán os deberes ben feitos quen debería saber que Baltar pai a persoa que asumiu o compromiso en 1998 dixo en 2012 que pensaba que o tema estaba resolto había anos, palabras textuais en 2012, e Vispo pode plantexarllo ó actual presidente da Deputación a cuestión porque o PSdeG-PSOE xa o fixo en varias ocasións a última en abril de 2015, e dixo que miraría o tema que o descoñecía pero que non tiña información ó respecto. O goberno actual de Barbadás non é necesario refrescarnos a memoria porque temos moi claro que este é un tema crucial para o pobo de Parada e así llo fixo chegar o Alcalde Xosé Carlos Valcárcel a José Manuel Baltar nunha entrevista mantida hai uns meses, pero interese polo camiño da Chouciña non remata aí nesa entrevista con Baltar Blanco, senón que recentemente o 23 de febreiro de 2016 enviouse unha solicitude de apertura ó paso peonil do camiño da Chouciña a resposta foi que “para que se proceda á apertura do camiño é preciso utilizar terreos de dominio público da autovía para o que debería existir autorización do ministerio de Fomento, en conversa telefónica mantida co servizo de técnico e do Ministerio de Fomento comunicásenos de xeito oficioso que en principio o proxecto ten que reunir unhas condicións a priori ten que estar a 8 metros da arista de explanación e a unha altura de 7 metros, con todo enviaremos a Fomento unha comunicación para que conteste cos informes pertinentes. Xa ve vostede que nós si que facemos os deberes.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señora Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Simplemente queda claro que fóronse pasando a pelota e agora mesmo o asunto é que os veciños dende hai moitos anos perderon ese camiño, tanto os que baixaban a Ourense a pé como os propios propietarios desas fincas e a día de hoxe como tantas outras cousas, o paso da autovía desfixo un camiño que era o camiño principal de acceso de Piñor e Parada a Ourense, e quedou inutilizado cando noutros lugares se fixeron pontes para que non se perderan eses camiños, e non é un camiño calquera que queiramos recuperar dun xeito romántico, melancólico, non, é un camiño, é unha vía de especial importancia, sobre todo xa lle digo as persoas que queren baixar



andando, as persoas que soben cando é o San Bieito, ou sexa, moita xente que sobe andando e aparte os propietarios das fincas que son moitos están pagando contribución, e non teñen un acceso ás súas propiedades.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Jácome ten algunha intervención que facer, non?. Señora Chelo Vispo por favor.

A sra. Vispo toma a palabra: Señor Padrón, quen ten a pelota agora?, eu?. Vamos a ver a señora Victoria acábame de dicir que igual que eu fixen os deberes, claro que os fixen coma sempre, vamos a ver, vostede foi deputada igual que o son eu agora, é distinto eu estou no grupo de goberno e vostede na oposición, pero estando na oposición vamos a ver se agora eu veño aquí a urbanismo e teño algún problema eu creo que as persoas que están abaixo na área de urbanismo me atendería gustosamente, e poderían axudarme en facer un proxecto ou realmente poder presentalo, xa vexo que vostede non fixeron nin caso, entón esta Deputada si fixo os deberes, en comprometerme a que vou a trasladar isto, hoxe a mañá estiveron buscando ese, é que é do ano 1998, polo que me dicían tiñan coñecemento do que era o valor en pesetas iso chegaron a dicirme, que era sobre 20 millóns de pesetas o valor da construción que eran 120.000 € dos de hoxe, entón vamos a ver, o que si se comprometeron é a retomar ese tema do camiño vir a ver como realmente se pode, se hai unha viabilidade cantas persoas, un estudo técnico de cantas persoas utilizan ese camiño, se realmente ese diñeiro, non, que se poida utilizar, perdón, díxeno mal, xa digo que a estas horas ás 11 da noite xa non sei moi ben nin o que digo, entón o que si me comprometo é a iso a que hoxe á mañá estivemos mirando ese tema me comprometo co señor Padrón e que estea, e informarei ó grupo de goberno porque eu se informo cando realmente fago algo para que os demais se decaten non como o grupo de goberno que non nos di nin o que fai nin o que deixan de facer, entón aquí o que estamos é a sumar, se teño que facer algo na Deputación téñao claro como fixen co Museo da música e con outros temas, se se me pide axuda, perfecto aínda que o señor Tenente alcalde xa lle agradecían antes que o recoñecera, comprométome a iso, hoxe á mañá falei, sabe que eu levo a área de infraestruturas na Deputación entón me comprometín a que retomar ese tema, e a vir con unha persoa pois o enxeñeiro xefe ou quen estea para ver como se pode facer, e avisareilles para que vostedes estean presentes e que realmente pois que nos digan a ver máis sabe vostede ca min deste tema realmente, eu si cando estiven na asociación, cando estamos en campaña electoral cando estiven coa asociación de Parada, foi uns dos asuntos que realmente teño apuntada na axenda que era o camiño da Chouciña, e nós nese momento dixémoslle que realmente retomaríamos ese tema, que o teño que retomar agora mesmo da Deputación pois non



hai problema ningún para iso estamos, para axudar ou por que estea na oposición non vou a axudar ó Concello de Barbadás pero que si o vou facer.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Señora Morenza por favor.

A sra. Morenza toma a palabra: Podo entender que dende o ano 1998 puidéronse facer moitas cousas, vostedes dende a campaña electoral do ano pasado tamén puido haber feito moitas cousas non tiña que haber esperado que os compañeiro Ramón Padrón trouxera esta moción aquí. Vostede mesmo acaba de dicir nunha na súa axenda da campaña electoral vostede recibiu como unha prioridade por parte da asociación de veciños esta obra, vostede foi nomeada Deputada provincial en xullo de 2015, tivo tempo entón sabía que isto formaba parte da axenda da asociación de veciños. Evidentemente nós estamos dando pasos xa estivemos hai meses coa aparellador e co arquitecto municipais que evidentemente nos lembraron que eles non poden facer nada neste sentido, porque ese tipo de proxectos temos que viabilizar un enxeñeiro de camiños, tamén fomos cun enxeñeiro de camiños recentemente, non perdón xa fomos con dous enxeñeiros de camiños ó lugar e agora mesmo está en vías de solución a elaboración dun proxecto concreto para a entrada dende arriba, dende o bar coñecido como o bar Pinpón para darlle acceso ás fincas urbanizables que hai alí, unha ampliación dun camiño. Nós estamos facendo os noso deberes perfectamente. A zona ou a cuestión o proxecto de construción dun paso peonil dunha rampla ou dunha escaleiras iso si que está en mans da Deputación porque a estrada é provincial e porque existe un compromiso político dende o ano 1998 que está sen cumprir e que vostedes teñen que asumir aínda que vostede ó mellor no ano 1998 aínda estaba na universidade ó mellor, non o sei, onde estaba, e cinguíndonos ó contido da moción do compañeiro Ramón Padrón dicir que o vertedoiro de escombros que plantexa que hai na explanada vaise erradicar, dende o goberno de Barbadás xa se instou a empresa Viaqua a que retire estes restos, e advertíuselle que nese lugar non se pode utilizar como un vertedoiro como se facendo ata agora. E sobre o terceiro punto da proposta presentada terase en conta a súa iniciativa para elaborar un proxecto de mellora da explanada na parte pertencente ó Concello, porque unha parte pertence a Fomento e outra pertence ó Concello, é unha interesante idea a de converter esta zona nun mirados e someterase nas vindeiras semanas nun estudo en profundidade.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Fixo o señor Ramón Padrón unha percepción que hai que ter moi en conta dixo fóronse pasando a pelota, si, fóronse pasando a pelota de pai a fillo, de Baltar a Baltar e o asunto sen resolver, agora vostede retómao agradecerémoslle dende logo que o teña presente e que faga as xestións que considere oportunas para que vaia adiante é de agradecer. Dito iso



hai que dicir tamén que foi presentada por parte deste grupo de goberno recentemente na Deputación que a señora Morenza non o dixo, unha proposta tamén para retomar de novo este asunto lembrándolle ó señor, a través do Deputado provincial Adolfo o asunto, polo tanto eu o que insisto que agradezo que avance nesas xestións porque será cuestións de todos. Si porque ademais estivo presente ó mellor en tanto detalle non pero o señor Padrón coincidiu con nós vendo as fincas.

A sra. Vispo toma a palabra: É que non entendo isto, só unha pregunta, vostede sabía o que acaba de dicir a señora Morenza do proxecto que están a executar, do que están para, ou sexa, dende a parte de arriba para poder acceder o que acaba de dicir ela. Sometemos a votación a moción presentada polo señor Ramón Padrón en relación á mellora do camiño da Chouciña. Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Moción do Grupo Mixto sobre o camiño da Chouciña e a explanada a carón da autovía entre Finca Fierro: 1. Instar á Deputación Provincial de Ourense a que execute a promesa que lle fixo no seu día á veciñanza construindo a ponte ou acceso segundo o proxecto que se elaborou. 2. Instar ao Goberno Municipal a solucionar o problema do vertedoiro de escombros que hai na explanada a carón do depósito da auga que afean o entorno e producen contaminación material e visual. 3. Instar ao Grupo de Goberno a elaborar un proxecto de adecentamento da explanada pois presenta unhas vistas privilexiadas da Valenzá, Fonsillón, Finca Fierro e Ourense”

PARTE DE CONTROL

16- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De conformidade co establecido no artigo 50.2 do ROF (RD 2568/86 do 28 de novembro, e o artigo 22.2a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello Pleno queda informado das resolucións de alcaldía ditadas dende a sesión anterior do Pleno.

A Corporación queda enterada das mesmas.

17- ROGOS E PREGUNTAS

O sr. Alcalde toma a palabra: Rogos e preguntas, por favor preséntense por escrito como fixeron no último Pleno. Pode lelas por favor, si. Eu digo que se presenten por escrito.

A sra. Vispo toma a palabra: As anteriores entraron no Pleno anterior?

O sr. Alcalde toma a palabra: As anteriores presentáronse vostedes por escrito o día 4 de abril



A sra. Vispo toma a palabra: Vale, pero entran no anterior. A ver é unha pregunta.

O sr. Alcalde toma a palabra: Presentáronse o día 4 de abril

A sra. Vispo toma a palabra: Pero por iso pregunto, que senón a ver lle pregunta a eles porque quedamos, eu tamén teño os meus problemas e ás veces non podo entregalas a tempo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu o que fixen foi un matíz de que o día 4 de abril foi cando as presentaron

A sra. Vispo toma a palabra: Pero señor Alcalde vamos a ver están gravadas, ou sexa aínda que eu as entregue por escrito

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu fixen simplemente unha consideración de que foron presentadas o día 4 de abril.

A sra. Vispo toma a palabra: Non, unha consideración non, vostede dixo á defensiva de que entraron o día 4, están gravadas no día do Pleno, xa está vamos ó noso.

O sr. Alcalde toma a palabra: O primeiro grupo que ten dereito a facer preguntas e os rogos é o Grupo Mixto, ten algunha que facer.

O sr. Padrón toma a palabra: Chegáronos queixas dunha grúa que se encontra detrás das dependencias municipais en A Valenzá, grúas de grandes dimensións, chegáronos queixas dos veciños polo tempo que leva esa grúa aí en pé. E logo facémoslle un rogo ó goberno de que leve a cabo a maneira de que se poidan realizar bautizos na Casa do Concello que a día de hoxe hai xente que quere celebrar o bautizo igual ca, bautizos civís, si señor, xa hai algúns, un respecto por favor lle pido, vostede vaiase ri de quen lle dea a gana de min non se rin, eu ata a data non me rin de vostede, non se ría vostede de min, ríase do que digo se quere

O sr. Alcalde toma a palabra: Por favor.

O sr. Padrón toma a palabra: Hai xente no Concello que tenos chegado unha pregunta sobre se na Casa do Concello se pode celebrar un bautizo civil, nós traémolo aquí e informámonos hai Concellos en Galicia que teñen unha especie de modelo para facer un bautizo civil igual que se fai unha voda civil, senón pois pregunten vostedes antes de rirse eu se quere tráiolle ás persoas que me preguntaron, son persoas normais e correntes, xente coma vostede. Nada máis.

A sra. Secretaria toma a palabra: Así como existe unha competencia, unha competencia atribuída ó alcalde e os concelleiros para oficiar esa cerimonia, no caso do bautizo só establezo analoxicamente ó que sería na realidade na inscrición no Rexistro Civil, esa que se produce cando o neno nace e queda inscrito. Ben se se quixera celebrar unha cerimonia nese sentido tería que celebrala o encargado do



Rexistro Civil porque non existe unha lexislación que atribúa a competencia ós concelleiros, polo tanto por suposto que se pode celebrar calquera tipo de cerimonia, celebración poñéndose o nome que se queira pero para que poida realizarse neste caso por, non, polos membros da corporación terá que haber unha atribución legal senón calquera caso sería oficiada simplemente polo xuíz de paz, quen fose.

O sr. Padrón toma a palabra: Eu estou de acordo simplemente lle dicirmos que hai xente, que hai concellos onde se pode realizar unha inscrición civil chámelle como, pero vale unha inscrición civil pero por medio dun acto, pois iso é que nos fixeron chegar, e nós trasladámolo aquí, está claro que non o sabemos certamente por iso o traemos na quenda de preguntas, para que o goberno se informe e hai concellos onde se fai aquí en Galicia, e mesmo en Ourense, en Ourense creo que hai dous ou tres concellos que xa teñen, se alguén o solicita pode facer un acto no concello, non sei se o oficiará non sei quen, iso xa se me escapa a min da, pero que se pode facer, digo que se pode facer, ben pois xa está.

O sr. Alcalde toma a palabra: A ver si cabe a posibilidade de levalo adiante

O sr. Padrón toma a palabra: É verdade, nós temos que traelo porque son xente que nos ven a preguntar estas cousas e temos que preguntalas aquí, onde as vamos preguntar. Entón quen ten pensado facer o grupo de goberno para que Barbadás deixe de ser o primeiro do ranking provincial de imposto de actividades económicas, e a información que saíu o outro día na Voz de Galicia, dos grandes concellos da provincia somos o primeiro, o primeiro que máis caro no imposto de actividades económica e logo nós de que trouxemos unha moción que foi rexeitada e que se ían tomar pasos pois aquí está o dato. E outra cousa máis, si imposto de actividades económicas, Barbadás, Pereiro, Allaríz, Barbadás é o primeiro. Ben se nolo explican non hai ningún problema. Eu isto ía dicilo antes cando foi o tema de Democracia Ourensana pero retirou a moción, que isto é un rogo para que escarifiquen o que é o céspede agora que é o tempo antes de que veña o calor e o abono porque este céspede é importante ó lado da piscina para a xente que se deita alí para que estea en óptimas condicións que o faga xa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Algunha pregunta por parte de Democracia Ourensana, non. O Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Van ir por escrito aínda que agora as leamos todas seguidas. Pódese utilizar o remanente de tesourería, que cantidade sería a que se pode dispoñer en que caso de que a resposta sexa en negativo o motivo para que podería ser utilizado, cantas altas deron de IBI que



cantidade de ingresos suporía para o Concello, cantos expedientes de revisión catastrais houbo no 2015, que cantidade ingresaría o Concello debido a esas revisións catastrais, o informe de intervención di que a nova valoración non se aplicará na súa en toda totalidade senón que se aplicará un coeficiente redutor, a quen se lle aplica, en que norma se recolle esta redución, cando supón de diminución nos ingresos do Concello. Informe sobre os decretos de Alcaldía do 16 de febreiro e 10 de marzo sobre unha subvención á asociación veciños San Lourenzo de Piñor por importe de 3.000 €, é nominativa?, memoria explicativa da actividade para que se solicita. Invitouse a máis empresas para realizar a RPT, é coñecedor o Concello do accidente na estrada de Barxa a Vistahermosa e o estado no que se atopa?, se se concedeu algunha subvención nominativa no que vai de ano a algunha asociación de veciños ou de outro ámbito, de que partida se lles vai dar a subvención ós caballistas de Barbadás que saíu no periódico hoxe, e isto teño máis preguntas, poñemos dous referencias catastrais de dúas casas que se están reformando en Piñor, na travesía de Piñor número 113 e travesía de Piñor 74, se teñen licenza para realizar as obras, se teñen as medidas de seguridade axeitadas para realizar as reformas se teñen a información do proxecto de reforma no exterior da obra, número de licenza, promotor, arquitecto, coordinador de seguridade e data fin de obra. Se hai algún informe de servizos sociais para que sexa actualizado, se se realizou algunha reforma na escola vella de Piñor, e se hai coñecemento, algún informe de servizos sociais para que sexa utilizado como vivenda por algunha persoa, o Concello ten constancia de que algunha das obras supostamente que referenciamos está traballando unha persoa buscada pola policía estranxeira en situación irregular, non se rían que é unha situación moi complicada, e temos coñecemento diso. Un rogo soamente agora lle paso á miña compañeira hai un cartel de nós colgado vamos a ver na rotonda, vostede sabe que chamou a min señor Alcalde para quitar os que realmente a empresa do Partido Popular, pois leva, fágolle o mesmo rogo, pasamos todos os días por alí, é a rotonda da saída agora que colle para Carrefour, vamos a ver a rotonda principal que xa pertence a Ourense, a baixada que vai xusto a Carrefour está aquí colgado, leva, nós nunca, leva dende maio alí, entón por favor, vale, onde están os dous túneles, que o quiten. Voulle ceder a palabra á miña compañeira.

A sra. Prieto toma a palabra (PP): O camiño de Bentraces a Sobrado, a Barbadás perdón, que xa o dixemos no Pleno anterior que segue igual agora xa non se pode utilizar a xente xa non baixa nin ó médico para alí, que é unha necesidade. Despois hai algunhas fontes que non desaugan e outras non teñen auga, a de Sobrado o lavadoiro está verde completamente, está sen auga tamén. Que se repoña algún caucho que falta en algún parque, a limpeza do parque dos Patos o caucho está cheo de area, e a



area chea de herba, e que se arranxen uns columpios os de atrás dunha gardería están para deixar os rapaces unha man, o tobogán e o cabaliño dobre non ten nin onde suxeitarse. Despois a bionda que hai nas escorregas, de Loiro a Bentraces falta unha farola, que pasou aí, está enriba da beirarrúa, non o piñeiro estaba xa antes ca farola, foi o piñeiro quen tirou a farola, si. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Rogos e preguntas por parte do público, queda pecha da a acta.

PREGUNTAS PRESENTADAS POR ESCRITO POLO PARTIDO POPULAR.

Informe del area de urbanismo sobre las reformas en las viviendas de Piñor con las siguientes referencias catastrales:

0475406NG9807E0001PW..... Travesía de Piñor 113

0672704NG9807B0001LZ..... Travesía de Piñor 74

0475406NG9807E0001PW..... Travesía de Piñor 113

1.-Si tienen licencia para realizar las obras.

Consultados os arquivos municipais consta que a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de xuño de 2014, outorgou licenza nº 028/2014 para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar emprazada na Travesía de Piñor nº 113 segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. Manuel Álvarez Gómez visado polo colexio profesional.

2.-Si tienen las medidas de seguridad adecuadas para realizar las reformas.

Respecto das medidas de seguridade da obra, indicar que segundo o art. 19.2 do RD 1677/1997 a administración encargada de velar polo seu cumprimento é a inspección de traballo e Seguridade Social e dos técnicos especializados en materia de seguridade e saúde das Administracións Públicas competentes (Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral da Consellería de economía, industria e emprego no caso de Galicia). No expediente consta o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Xirada visita a obra na data 12 de maio de de 2016 apreciase a colocación dun valado metálico respecto da vía pública

3.- Si tienen la información del proyecto de reforma en el exterior de la obra.

Na visita xirada non se ve o cartel informativo da obra.



0672704NG9807B0001LZ..... Travesía de Piñor 74

1.-Si tienen licencia para realizar las obras.

Consultado os arquivos municipais consta que a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 27 de outubro de 2015, outorgou licenza nº 146/2015 para cambio de tellas en mal estado, reparación en substitución de carpinterías exteriores, reparación de balaustrada do balcón, pintura de tramos encelados en fachada, pinturas exteriores e interiores e cambios de revestimentos interiores.

2.-Si tienen las medidas de seguridad adecuadas para realizar las reformas.

Respecto das medidas de seguridade da obra, indicar que segundo o art. 19.2 do RD 1677/1997 a administración encargada de velar polo seu cumprimento é a inspección de traballo e Seguridade Social e dos técnicos especializados en materia de seguridade e saúde das Administracións Públicas competentes (Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral da Consellería de economía, industria e emprego no caso de Galicia).

Xirada visita á obra na data 12 de maio de 2016 apréciase que a obra está pechada respecto da beirarrúa co propio muro e cancela da edificación existente.

3- Si tienen la información del proyecto de reforma en el exterior de la obra.

Na visita xirada non se ve o cartel informativo da obra.

.-Si se han realizado alguna reforma en la escuela vieja de Piñor.

No departamento de urbanismo non consta a realización de ningunha reforma na antiga escola de Piñor

1. ¿Se puede utilizar el remanente de tesorería?

2. ¿Qué cantidad sería la que se puede disponer?

3. En caso de que la respuesta sea negativa, ¿motivo?

4. ¿Para qué podría ser utilizado?

Informo:

Conforme ó art. 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril (A LEI 7774/2012) (BOE del 30), de Estabilidade Presupostaria e Sosteñibilidade Financeira, no suposto de que a liquidación presupostaria sitúese en superávit, este se destinará a reducir o endebedamento neto. Esta é a regra xera. Pero, se non existe endebedamento, debe entenderse que o remanente de tesourería para gastos xerais pode destinarse á finalidade xera que lle asigna o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TR LRHL), aprobado por [Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo \(A LEI 362/2004\)](#) (BOE do 9), que non é outra que a de servir de recurso para financiar modificacións de crédito como son o



crédito extraordinario, o suplemento de crédito ou a incorporación de remanentes de créditos.

Agora ben, despois da normativa de estabilidade presupostaria e sosteñibilidade financeira prodúcese unha profunda modificación no réxime presupostario das entidades locais que non ten un reflexo no [TRLRHL \(A LEI 362/2004\)](#); pero que debe terse en conta á hora de realizar modificacións presupostarias.

En efecto, a Lei de Estabilidade Presupostaria non só persegue a estabilidade presupostaria e a redución do endebedamento; porque outra das súas finalidades esenciais é a redución do gasto público ou, ó menos, evitar que este se incremente. E aquí entra en xogo a denominada regra de gasto. Isto é, é indiferente que a situación económica do Concello estea saneada e poida permitirse facer máis gasto; xa que o límite de gasto se establece para todas as administracións públicas con independencia da súa situación.

Por elo, o límite do incremento do 1,8 establecido para o exercicio 2016 é aplicable a calquera entidade local. E, obviamente, se se realiza unha modificación de crédito financiada con remanente de tesourería, esta modificación vai a incidir negativamente no cumprimento da regra de gasto e producirá o incumprimento da regra de gasto. Co que, de conformidade co [art. 21.1 LOEPSF \(A LEI 7774/2012\)](#), no caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a administración incumpridora formulará un plan económico-financeiro que permita nun ano o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo.

Pode ser utilizado en un importe que permita a fin de ano cumprir estabilidade e regra de gasto.

As respostas ás preguntas desde a 5 á 8, foron solicitadas por escrito aos Servizo de Recadación da Deputación Provincial de Ourense, onde está delagado o servizo de cobranza de varios impostos de Barbadás, incluído o IBI.

A resposta obtida polo Servizo de Recadación da Deputación Provincial de Ourense foi a seguinte:

Cantas altas se deron no IBI?

Comparando o padrón do ano 2015 co do ano 2016 novas construción non catastradas poderíamos establecer que foron 214 .

Quen cantidade en ingresos suporía para o concello?

O ano 2015 o padrón de Barbadás foi: 15.334 recibos, o tipo impositivo foi o 0,40% resultando un padrón de 1.853.374,96 €



No ano 2016 o padrón estimamos que será: 15.548 recibos, o tipo impositivo é o 0,40% resultando un padrón de 2.089.969,22 €

Cantos expedientes de revisión catastrais houbo no 2015?

Expedientes de regularización tratamos 702 expedientes, están incluídas altas, reformas, ampliacións etc.. calquera alteración catastral que motive un expediente 902.

Que cantidade ingresaría o concello debido a estas revisións catastrais?

Expedíronse 702 liquidacións por un importe de 238.538,34 €, divididos en : ano 2012: 23.482,05 €; ano 2013: 41.865,68 €; ano 2014:81.070,11 € e ano 2015: 92.120,70 €

A quen se lle aplica o coeficiente reductor ao que nos acollemos para o ano 2017?

O artigo 67 da Lei 48/2015 de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 establece no apartado 2 “Dos. Los coeficientes previstos en el apartado anterior se aplicarán en los siguientes términos:

- a) Cando se trate de bens inmobles valorados conforme ós datos obrantes no Catastro Inmobiliario, aplicarase sobre o valor asignado a ditos bens para 2015.
- b) Cando se trate de valores catastrais notificados no exercicio 2015, obtidos da aplicación de Ponencias de valores parciais aprobadas en el mencionado exercicio, aplicarase sobre ditos valores.
- c) Cando se trate de bens inmobles que sufriran alteracións das súas características conforme ós datos obrantes no Catastro Inmobiliario, sen que ditas variacións tiveran efectividade, o coeficiente se aplicará sobre o valor asignado a tales inmobles, en virtude das novas circunstancias, pola Dirección Xeral do Catastro, con aplicación dos módulos que serviran de base para a fixación dos valores catastrais do resto dos bens inmobles do municipio”

Resumindo a tódolos bens inmobles, sempre e cando se manteña o mesmo criterio cara o ano 2017.

Canto suporía de diminución nos ingresos do concello?

O ano 2017 é o último ano no que se aplica a actualización de valores conforme a Ponencia aprobada en 2007 polo que a base imponible será igual ao valor catastral, tendo en conta que os datos que estamos a utilizar son provisionais, cara o ano 2017 entedemos que será:

Valor catastral 2017.- $535.817.773,92 \text{ €} \times 0,92 = 492.952.352,00 \text{ €}$ x 0,40% resulta un padrón de: 1.971.809,41 €

Padrón 2016 : 2.089.969,22 € - 1.971.809,41 € = - 118.151,81 €, estes datos son aproximados, depende de que o estado aprobe o coeficiente establecido, porque no día da data o 0,92 aínda non está aprobado de forma oficial.

A dúbida que teño na actualidade e que o valor catastral do 2017 sexa o de 535.817.773,92 €, si no é



CONCELLO DE BARBADÁS

exacto debería aproximarse.

O coeficiente redutor ao que se refiren é do 0.92 para os valores catastrais urbanos.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 23:25 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL